

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de xaneiro de 2024 segundo borrador da sesión de data 16 de xaneiro de 2024.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario municipal
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA DOCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

Secretario:

D. Rafael José del Barrio Berbel

Non asistentes con excusa:

D^a. Marta María Iglesias Becerra

C.I.F. P-1503100-H

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás vinte horas (20:00 h) do día doce de decembro de dous mil vinte e tres (12/12/2023), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 2325 do 30/11/2023, modificada en data 11/12/2023 por resolución núm. 2370, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral do Concello, don Rafael José del Barrio Berbel.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, di que, por unha cuestión de orde, quere aclararlle á veciñanza que o Pleno non se está a celebrar cando corresponde e dirixíndose ao Sr. Alcalde-presidente, lle di que se saltou o pleno ordinario que correspondería ao último martes do mes de novembro, periodicidade que está establecida no Pleno de organización celebrado no mes de agosto de 2023, ao inicio do mandato; lle di que o Sr.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

alcalde pode celebrar todos os plenos extraordinarios que queira pero non saltarse o pleno ordinario; di que recibiron unha chamada de teléfono dicindo que terían unha reunión o luns seguinte á Xunta de Voceiros na que se fixara a orde do día e na que se convocaba o Pleno xa para o día que tocaba e que, se se tivera feito esa reunión, poderíase explicar o que estaba pasando pero a reunión fíxose xa na data en que estaba pasada a que correspondería ao Pleno ordinario, polo que non tiveron ocasión de dicir que non estaban de acordo co cambio de data; quere que quede claro que o que se fixo con este Pleno non se pode facer e agarda que non sirva de excusa para non celebrar o pleno ordinario de decembro.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra e di que considera que a cuestión referida quedou suficientemente aclarada na Xunta de Voceiros na que se explicou que ao non poder ter á disposición dos membros da Corporación toda a documentación coa antelación establecida decidiuse pospoñer a celebración do Pleno, manténdose o carácter de ordinario como ben se explicou desde a Secretaría municipal, e en dita sesión cada voceiro manifestou o que considerou oportuno, decidíndose que o día de hoxe sería o día no que se celebrara.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:

*** ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 24 DE OUTUBRO DE 2023.**

Sometido a votación, por unanimidade dos membros presentes (20), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria celebrada o 24/10/2023.

*** ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2023**

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (20), o Pleno municipal aproba a acta da sesión ordinaria celebrada o 31/10/2023.

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A solicitude do Sr. alcalde-presidente, o Sr. secretario municipal procede a dar lectura á declaración institucional, que se transcribe no seu literal:

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

O 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello de Culleredo quere sumarse á lembranza, chea de emoción e afecto, de todas e cada unha das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos, tan vítimas como elas, e das súas familias e amizades.

Desde 2003, no Estado Español foron asasinadas máis de 1.200 mulleres, con 428 nenas e nenos orfos desde 2013. Debemos seguir traballando nesta dramática situación para que o número de vítimas non siga medrando.

Por iso, manifestamos a nosa condena absoluta ante a violencia de xénero, porque nin a violencia nin os maltratadores teñen cabida na nosa sociedade.

Reafirmamos o compromiso deste Concello coa erradicación da violencia de xénero, desde o convencemento de que só remataremos con esta lacra social traballando unidos: todas as Administracións, o poder lexislativo, xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado, as forzas e corpos de seguridade, as organizacións sociais especializadas en violencia de xénero, os medios de comunicación, a comunidade educativa e o conxunto da sociedade.

A educación e a formación son dous piares fundamentais para acabar coas desigualdades entre mulleres e homes e erradicar a violencia machista. A xuventude está moi exposta ás novas formas de violencia. O control nas redes sociais e a situación actual require aumentar os esforzos para atallar canto antes estes comportamentos. Ademais, as redes sociais e o uso irresponsable da internet expoñen aos mozos a formas graves de vulnerabilidade e violencia, como a explotación sexual ou a pornografía.

Nesta loita é preciso apuntar tamén estratexias específicas de actuación no mundo rural, onde este problema adopta un perfil propio.

A falta de medios estruturais no medio rural afecta máis ás mulleres, que teñen maiores dificultades para acceder á información, ou para desenvolverse de xeito independente. Por iso, defendemos a necesidade de garantir o pleno acceso das mulleres do rural a todas as medidas deseñadas para erradicar a violencia de xénero dun xeito pleno e equiparable ao das mulleres que residen nun entorno urbano.


A experiencia confirma que canto máis se involucra a Administración, máis eficaces son as medidas de sensibilización, de educación e de detección precoz; a resposta de urxencia e o seguimento dos servizos é mellor.

Conscientes disto, as entidades locais exercemos un papel fundamental no desenvolvemento e implantación das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero asinado en 2017. Instamos a súa renovación en sede parlamentaria, segundo o compromiso acadado na XIV Lexislatura.

Desde o Concello de Culleredo, apoiamos o desenvolvemento de programas de concienciación e educación por parte dos concellos.

Reclamamos tamén a ampliación da rede de Centros de Información da Muller na nosa provincia para seguir desenvolvendo as súas funcións. Esta é unha longa loita, chea de momentos amargos, na que calquera cifra superior ás 0 vítimas non se pode permitir. Que siga habendo vítimas, lonxe de desanimarnos, debe darnos máis azos para seguir traballando ata erradicar una atrocidade que, mentres pervive, nega as bases de dereitos universais e igualdade sobre as que se asenta o noso sistema democrático.

A violencia contra as mulleres non ten cabida na nosa sociedade, polo que temos

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

que seguir traballando para que sexa cousa do pasado, porque a defensa das mulleres é a defensa dos dereitos de todos os seres humanos.»

Documento asinado por dona Marta María Figueroa Fuentes, voceira do PSdeG-PSOE, dona Izaskun García Gorostizu, voceira do Partido Popular, don Enrique Antonio Chouciño Garrido, voceiro do BNG e dona Indrani Thais Palla Maceiras, voceira de Alternativa dos Veciños.

A Declaración Institucional polo Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller transcrita resulta aprobada por asentimento dos concelleiros e concelleiras presentes na sesión.

3.- INADMISIÓN DA REVISIÓN DE OFICIO SOLICITADA POLO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Sométese a debate e votación do Pleno municipal a proposta da Sra. Concelleira delegada da área de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior (código de documento UPO17I02ID), contida no expediente electrónico UPO/2023/236, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Cohesión Social e Réxime Interior de data 21/11/2023, que literalmente se transcribe:

«PROPOSTA

A data de 10 de novembro de 2023, O Bloque Nacionalista Galego presenta por rexistro unha solicitude de revisión de oficio das seguintes convocatorias e bases reguladoras publicadas no BOP da Coruña o 11 de outubro de 2023:

- Convocatoria e Bases Reguladoras para a provisión en propiedade de 10 prazas de Auxiliar de Administración, da escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de Promoción Interna e Promoción Interna-Reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición no Concello de Culleredo, con número de anuncio 2023/7992.
- Convocatoria e Bases Reguladoras para a provisión en propiedade de 18 prazas de Administrativa/o, da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, grupo de titulación C1, funcionario de carreira, polas quendas de Promoción Interna e Promoción Interna-Reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición no Concello de Culleredo, con número de anuncio 2023/7993.

A data de 16 de novembro de 2023, o técnico da administración xeral emite un informe, con código de documento UPO17I02I5, que transcrito literalmente di:

“INFORME DE PERSOAL

PROPOSTA DE INADMISIÓN DA REVISIÓN DE OFICIO SOLICITADA POLO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

ANTECEDENTES

A data de 10 de novembro de 2023, Gonzalo Méndez Mosqueira, na súa calidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, presenta unha solicitude revisión de oficio das seguintes convocatorias e bases reguladoras publicadas no BOP da Coruña o 11 de outubro de 2023 :

- Convocatoria e Bases Reguladoras para a provisión en propiedade de 10 prazas de Auxiliar de Administración, da escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de Promoción Interna e Promoción Interna-Reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición no Concello de Culleredo, con número de anuncio 2023/7992.
- Convocatoria e Bases Reguladoras para a provisión en propiedade de 18 prazas de Administrativa/o, da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, grupo de titulación C1, funcionario de carreira, polas quendas de Promoción Interna e Promoción Interna-Reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición no Concello de Culleredo, con número de anuncio 2023/7993.

C.I.F. P-1503100-H

Como argumentación para dita solicitude sinálase o seguinte:

“Tal e como se recolle en cada unha das convocatorias, o 100% das prazas ofertadas están reservadas para quendas de Promoción Interna. A respecto do contido das convocatorias é ben clara a lexislación vixente. O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no seu artigo 134 indica que “As convocatorias serán sempre libres. Nembargantes, poderán reservarse para promoción interna até un máximo do 50 por 100 das prazas convocadas para funcionarios que reúnan a titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria.””

A Oferta de Emprego Público do Concello de Culleredo para o ano 2021, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na que se inclúen as prazas obxecto destas dúas convocatorias, non inclúe ningunha outra praza na mesma escala e subescalas reservada para o ingreso libre, situación que atenta contra varios principios fundamentais recollidos na propia Constitución Española:

- *o principio de igualdade recollido no artigo 14, cando di “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”*
- *o principio de libre concorrència no acceso ao emprego público promulgado nas leis e recollido na propia Constitución Española como un dereito fundamental a*

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

través do seu artigo 23, punto 2, cando di que “[Os cidadáns] Tamén teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalan as leis”.

Queda polo tanto en evidencia que esta convocatoria vulnera o ordenamento xurídico vixente, nomeadamente o recollido no artigo 134 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que ámbalas dúas convocatorias e bases reguladoras ás que fai referencia este escrito son nulas de pleno dereito segundo o artigo 47 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por unha dobre vía:

- Como un acto que lesiona dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, segundo o artigo 47, punto 1.a).
- Como unha disposición administrativa que vulnera a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, segundo o artigo 47, punto 2.”

INFORME. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. En primeiro lugar, cabe destacar que o grupo do Bloque Nacionalista Galego solicita unha revisión de oficio de dúas bases reguladoras nun escrito no que expresamente sinalan que se trata dunha “disposición administrativa”.

Cabe recordar que o artigo 106.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que *“Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones Públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiere, podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 47.2.”*

Debe terse en conta que o artigo 106.1 da mesma Lei sinala expresamente que a revisión de oficio pode solicitarse cando se trata de actos administrativos, do que se entende que, ao non sinalar expresamente que a solicitude de revisión de oficio pode facerse respecto as disposicións administrativas no apartado seguinte, debe concluírse que o lexislador veta esa posibilidade, tal e como apoia a xurisprudencia consolidada e recente, como a sentenza 1636/2020, de 1 de decembro de 2020, da Sala do Contencioso do Tribunal Supremo que sinala o seguinte: *“En atención a las singulares circunstancias que presenta el caso que enjuiciamos, y atendido el limitado alcance con que se ha impugnado la sentencia recurrida, procede declarar, respecto a las cuestiones de interés casacional que: i) el art. 106.2 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas no otorga legitimación a los interesados para ejercer una acción de nulidad dirigida a obtener la declaración de revisión de oficio de disposiciones generales”*.

2. O principal motivo polo que se solicita a revisión de oficio das dúas bases reguladoras e convocatorias sinaladas é que non se cumpre co artigo 134 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e que a súa vulneración da lugar ao incumprimento dos principios constitucionais de igualdade e libre concorrencia no acceso ao emprego público previstos respectivamente nos artigos 14 e 23.2 da Constitución Española de 1978.

É importante destacar que o artigo 80.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia establece que:

“En las convocatorias de pruebas selectivas para el acceso a la función pública, con excepción de aquellos procesos que tengan por objeto la estabilización y la consolidación del empleo temporal, un mínimo de un veinticinco por ciento de las plazas convocadas se reservará para personal funcionario perteneciente a cuerpos o escalas del subgrupo o grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga subgrupo, inmediatamente inferior que reúna los siguientes requisitos:

a) Poseer la titulación y los demás requisitos exigidos.

b) Haber prestado servicios efectivos en la condición de personal funcionario durante al menos dos años en el subgrupo o grupo de clasificación profesional desde el que se pretenda promocionar. El personal laboral fijo que haya adquirido la condición de personal funcionario de carrera al amparo de la disposición transitoria primera de la presente ley podrá participar en los procesos de promoción interna vertical regulados en este artículo siempre que tenga una antigüedad mínima de dos años en la categoría profesional tenida en cuenta en el proceso de funcionarización.

c) No superar la edad de jubilación forzosa.”

Como se pode comprobar, neste artigo sinalase que se reservará un mínimo dun 25%, non sinalándose un máximo. Facendo unha interpretación a sensu contrario, pode entenderse facilmente que se o lexislador quixera establecer un límite máximo para a participación por promoción interna nos procesos selectivos, sen dúbida o sinalaría do mesmo modo que sinalou un límite mínimo de participación, polo que debe entenderse que o artigo 80 da lei 2/2015, de 29 de abril, **deroga tácitamente** ao artigo 134 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, tendo en conta que a Lei 2/2015, de 29 de abril, é posterior ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e establece unha disposición que é incompatible coa que establece a norma de 1986, todo esto atendendo ao artigo 2.2 do Código Civil que sinala:

“Las leyes sólo se derogan por otras posteriores. La derogación tendrá el alcance que expresamente se disponga y se extenderá siempre a todo aquello que en la ley nueva, sobre la misma materia sea incompatible con la anterior. Por la simple derogación de una ley no recobran vigencia las que ésta hubiere derogado”.

Así mesmo, o artigo 4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, sinala no seu primeiro apartado que:

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

“La presente ley se aplica al personal funcionario y, en lo que proceda, al personal laboral al servicio de las siguientes administraciones públicas:

a) La Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia.

b) Las entidades locales gallegas.

c) Las entidades públicas instrumentales del sector público autonómico de Galicia enunciadas en la letra a) del artículo 45 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia.

d) Las entidades públicas instrumentales vinculadas o dependientes de las entidades locales gallegas.

e) Las universidades públicas gallegas.”

Polo que queda claro que é a Lei 2/2015, de 29 de abril, a que regula todo o relacionado coas entidades locais galegas, incluído os procesos selectivos de promoción interna, e non o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

Cabe engadir que o artigo 18 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, regula a promoción interna no emprego público e tampouco sinala un límite máximo para a participación da promoción interna nun proceso selectivo.

Polo sinalado queda claro que debe inadmitirse a solicitude de revisión de oficio das bases reguladoras por tratarse de disposicións administrativas non susceptibles de solicitude de revisión de oficio, e debe inadmitirse tamén a solicitude de revisión de oficio das convocatorias por carecer manifestamente de fundamento (artigo 106.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro) ao sustentarse nun artigo tácitamente derogado ou, no seu defecto, deben desestimarse ditas solicitudes de revisión de oficio, xa que non se da ningún dos supostos de nulidade de pleno dereito do artigo 47 da Lei 39/2015 de 1 de outubro,

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de Culleredo, órgano competente para a admisión ou inadmisión das solicitudes de revisión de oficio en virtude da sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2022, se o considera oportuno, que adopte un acordo co seguinte contido:

Inadmitir a trámite a solicitude revisión de oficio das bases reguladoras e convocatorias mencionadas neste informe e a aplicación directa da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, para continuar coa tramitación dos procesos selectivos de promoción interna.”

Visto o informe do técnico da administración xeral, propónse ao Pleno municipal:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a solicitude revisión de oficio das bases reguladoras e convocatorias referidas na solicitude do Bloque Nacionalista Galego

Segundo.- Continuar coa tramitación dos procesos selectivos de promoción interna aplicando a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia por ser a directamente aplicable para regular a promoción interna.»

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

O Sr. Secretario municipal le a proposta de acordo.

DEBATE:

A Presidencia abre a quenda de intervencións.

Solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O 10 de novembro o Bloque Nacionalista Galego de Culleredo presenta unha solicitude de revisión de oficio de dúas convocatorias de promoción interna, dúas das tres publicadas, as correspondentes a 10 prazas de auxiliar administrativo e 18 prazas de administrativo; como argumentación para dita solicitude fai mención ao artigo 134 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 que establece que poderán reservarse para promoción interna ata un máximo do 50% das prazas convocadas para funcionarios que reúnan a titulación e demais requisitos exixidos na convocatoria, argumentando tamén que atenta contra varios principios fundamentais recollidos na propia Constitución española; o que defende o goberno municipal é que a Lei do emprego público de Galicia establece un mínimo dun 25% de prazas para promoción interna sen establecer un máximo e que entenden que se o lexislador quixera establecer un máximo o faría igual que establece un mínimo, que o artigo 80 da Lei 2/2015 deroga tacitamente o artigo 134 do Real Decreto xa que dita Lei é posterior ao Real Decreto e é incompatible coa de 1986 atendendo ao artigo 2.2 do Código Civil que establece que as leis só se derogan por outras posteriores; tamén a Lei de emprego público de Galicia di no seu artigo 4 que a Lei se aplica ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas que menciona, entre as cales cita ás entidades locais galegas; o TREBEP regula a promoción interna e tampouco establece máximos; en relación á libre concurrencia no acceso en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos sinala que no proceso referido na moción non se fala de acceso senón de provisión de postos polo que non se sustenta que se vulnere ningún dereito constitucional e que así o establece o TREBEP no artigo 14.1 que, referíndose aos Dereitos individuais, di que os empregados públicos teñen dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo, entre os que cita o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna segundo principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación.

Polo exposto, queda claro que debe inadmitirse a solicitude de revisión de oficio das bases reguladoras en base ao exposto.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di o seguinte:

A inadmisión a trámite dun procedemento implica que este finaliza nada máis comezar e, por ese motivo, as resolucións que fundamenten dita inadmisión deben esgrimir unha argumentación xurídica concluínte e sólida que garanten que é a mellor decisión a tomar.

A proposta que se trae a pleno para ser aprobada esgrime 3 argumentos que pretenden sustentar a pretendida inadmisión:

1.- O primeiro, amparase en que a solicitude de revisión de oficio presentada polo grupo municipal do BNG indica no seu escrito que o acto que se pretende revisar é unha disposición administrativa e que, como tal, non é revisable a instancia de parte. Revisando os escritos aos que se fai mención, ven que isto non é así, pois a solicitude de revisión de oficio do BNG fundamenta a súa revisión nunha dobre vía: como acto

Código do documento	Código do expediente
USG18101JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

administrativo que lesiona dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional e como unha disposición administrativa que vulnera a Constitución, as leis e outras disposicións administrativas de rango superior. Se ben é certo que isto puidera supoñer unha posible contradición debido ao diferente tratamento que se lles debe dar ás revisións de oficio solicitadas contra actos administrativos fronte ás solicitadas contra disposicións administrativas, ante esta situación o máis garantista tivera sido requirir ao Grupo Municipal solicitante para que aclarase por cal das dúas se decantaba e con posterioridade resolver o que procedera, ou ben, se non se optaba por esta vía, resolver tamén sobre a solicitude de revisión como acto administrativo e non só mencionar a referida disposición administrativa.

2.- O segundo argumento refírese a que debe inadmitirse a revisión de oficio por carecer de fundamento; o artigo que esgrime a revisión de oficio foi derogado tacitamente pola normativa autonómica xa que a aplicación de ambos artigos resulta incompatible e non atopa motivo suficiente para sustentar tal afirmación, sendo compatibles os mínimos establecidos na lei autonómica cos máximos esgrimidos na estatal, ademais de que o propio artigo 134.2 do Real decreto lexislativo das disposicións legais vixentes en materia de réxime local establece que a compatibilidade de ambas normativas debe establecerse da seguinte forma "Serán aplicables las normas de la presente Ley, (.../...); en lo no previsto en ellas, la reglamentación que para el ingreso en la función pública establezca la respectiva Comunidad Autónoma (.../...)".

3.- Como argumento número 3, indicase que debe desestimarse a revisión de oficio xa que non se dá ningún dos supostos de nulidade de pleno dereito recollidos no artigo 47 da le 39/2015 de 1 de outubro. Chámalles a atención este argumento xa que non vai acompañando ao longo da proposta de fundamentación algunha que o sustente.

C.I.F. P-1503100-H

Por todo o antedito e sempre escollendo a opción máis garantista con respecto aos dereitos dos traballadores e tamén dos veciños e veciñas que poidan querer optar aos postos que se trasladan na oferta de emprego público é polo que cren que o mais conveniente é solicitar informe ao Consello Consultivo de Galicia e, con posterioridade, revolver o que proceda.

Son conscientes da lentitude que conlevan algúns procesos e, por outra banda, tamén son conscientes do problema de déficit de persoal que existe neste momento no Concello, polo que todas as iniciativas que se presenten para poñer fin a esa situación contarán co seu respaldo pero sempre garantindo e protexendo os dereitos dos veciños e veciñas e neste caso dos traballadores e traballadoras.

Seguidamente solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di o seguinte:

Le gustaría comezar dicindo que o asunto que se debate agora, unha serie de novos procedementos de selección de persoal que nacen viciados de orixe, a sabendas do equipo de goberno, representa unha das varias cuestións que o BNG irá desenmarañando ao longo desta tarde que levan á súa solicitude de reprobación da concelleira delegada de Cohesión Social, Réxime Interior e Recursos Humanos, dona Marta María Figueroa Fuentes, a través dunha moción do BNG que, despois de varias negativas do alcalde a incluíla na orde do día, onte mesmo tivo que recuar e será agora a última que se debata hoxe; lle pide á xente que está vendo o Pleno e que os acompaña hoxe na sesión que teña paciencia, que aguante até o final deste pleno para descubrir esta e outras moitas das desfeitas baixo a responsabilidade da Sra. Figueroa. Indo á proposta que se debate neste punto na que se propón inadmitir a solicitude do BNG de revisión de oficio das bases e convocatoria de varios procesos de selección de persoal, hai que sinalar para poñer á veciñanza en contexto que se está a falar de varios procesos de selección, varias convocatorias de emprego público no que o 100% das prazas se reservan para promoción interna. Quere comezar indicando que simplemente por un erro seu

12 de 109

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

non se incluíu na solicitude de revisión de oficio un terceiro procedemento que se atopa nas mesmas condicións que os dous que si foron incluídos na solicitude do BNG, un erro no que non se deu conta de que había un terceiro procedemento tamén xa publicado e engade que iniciarán a mesma solicitude para ese terceiro procedemento segundo se produza o resultado da votación deste punto da orde do día.

Saben que o goberno municipal está a facer unha campaña en contra do BNG entre as traballadoras e traballadores do Concello e di que non é a primeira vez, que xa están acostumados porque é o modus operandi do equipo de goberno actual e que por iso agradecen a presenza hoxe dalgúns empregados públicos e rogan encarecidamente ao persoal do Concello que preste atención a este punto da orde do día que se está a debater, de principio a fin.

Cómpre reivindicar con claridade e firmeza que desde o BNG defenden a promoción interna dos empregados públicos, tanto a vertical como a que sempre esquece o goberno municipal, a horizontal.

Dentro dos dereitos dos empregados públicos recollidos no artigo 14 do TREBEP, do Texto refundido do estatuto básico do empregado público, e que se desenvolve no seu capítulo segundo, recoñécese o dereito á progresión na carreira profesional e á promoción interna. Do mesmo xeito, a Lei de Emprego Público de Galicia recoñece o mesmo dereito no seu artigo 71. Ninguén discute o dereito dos empregados públicos, do Concello de Culleredo e de calquera administración pública, ao desenvolvemento da súa carreira profesional. Defenden unha administración pública con empregados con ganas de progresar no seu posto de traballo, con ganas de acadar novas cotas de responsabilidade. Máis o desenvolvemento da carreira profesional dos empregados públicos debe axustarse á legalidade, ás normas tanto estatais como galegas que describen os procedementos de promoción interna e que regulan a convivencia e o equilibrio entre o dereito dos empregados públicos ao desenvolvemento da súa carreira profesional e o de tódolos cidadáns ao acceso ao emprego público, recollido na Constitución como un dereito fundamental a través do seu artigo 23.2 cando di que os cidadáns teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalan as leis. Lle di á Sra. Figueroa que se quere despois falan de como aplica no Concello a defensa do dereito das empregadas e empregados públicos á carreira profesional.

C.I.F. P-1503100-H

A proposta do equipo de goberno motiva a inadmisión da solicitude do BNG de revisión de oficio alegando que non se pode presentar dita solicitude contra as bases e convocatorias dos procesos selectivos e non só que non se pode, senón que tampouco existe motivación. O primeiro que cómpre é defender diante da proposta a oportunidade da solicitude do BNG de revisión de oficio que a Sra. Figueroa desbota como se non procedese.

É mentira que, como di a proposta na súa motivación, a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, vete a posibilidade de solicitar a revisión de oficio dunha disposición administrativa. O propio artigo 106 ao que fai referencia na proposta titúlase "Revisión de disposicións e actos nulos". Pregunta se de verdade o goberno municipal pretende motivar a súa proposta de rexeitar a solicitude do BNG dicindo que a lei impide a revisión de disposicións administrativas e se non lle queda claro xa no propio título.

É evidente que se pode solicitar a revisión de oficio dunha disposición administrativa e xa o di o artigo 106.2 que establece que en calquera momento as Administracións Públicas, de oficio, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, poderá declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 47.2. A Sra. Figueroa Fuentes saca da chistera unha sentenza do Tribunal Supremo na que se di que o artigo que mencionou non lexitima aos interesados para exercer unha acción de nulidade; dálle parabéns pero lle indica que a Corporación é Administración, que son membros da Corporación do Concello de Culleredo e que, como tal,

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

instan á propia administración a iniciar o procedemento de revisión de oficio. Lle di que non lla colan e que, pese a que o intentan, erran o tiro.

Indo ao artigo 47.2 que mencionou anteriormente para ver se hai motivación, este artigo establece que serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis e outras disposicións administrativas de rango superior. A Sra. Figueroa Fuentes, neste punto, argumenta que a Lei de emprego público de Galicia, a través do seu artigo 80, derroga tacitamente, palabra importante, o artigo 134 do Real decreto legislativo 781/1985, o que, explicado brevemente para que todo o mundo o poida entender, quere dicir que a lexislación estatal di que as convocatorias serán sempre libres e que, sen embargo, poderán reservarse para promoción interna até un máximo do 50% das prazas convocadas para funcionarios que reúnan a titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria. A lei trata xustamente de facer convivir o dereito recoñecido aos traballadores públicos para o seu desenvolvemento profesional co dereito de todas e todos os cidadáns a participar nos procedementos para acadar un emprego público. Por outra banda a lexislación autonómica di que nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas reservárase para persoal funcionario, sen derrogar expresamente en ningún momento a lexislación estatal. Di que unha marca un máximo e outra marca un mínimo na porcentaxe de reservas á promoción interna. Que a que marca un máximo non marca un mínimo e que a que marca o mínimo non marca un máximo; pregunta se poden convivir as dúas normas e di que si; pregunta se iso supón a derogación tácita e di que non, que a derogación tácita é a que non é expresa, é dicir, a que non aparece directamente no texto dicindo algo como “esta norma derroga esta outra”; a derogación tácita é a que se declara pola incompatibilidade entre unha norma posterior e outra precedente; pregunta se neste caso existe esa incompatibilidade e responde que non, que en Galiza, nas convocatorias de emprego público, debe reservarse entre un mínimo dun 25% e un máximo do 50% das prazas para promoción interna e que, polo tanto, o goberno municipal non pode xustificarse nunha derogación da norma estatal e sacar un procedemento de selección, ou varios neste caso, co 100% de prazas destinadas á promoción interna, que é o que pretende facer; non o poden facer porque é contrario á Lei e a dereitos fundamentais recollidos na Constitución, quedando claro que a solicitude de revisión de oficio do BNG é oportuna e pertinente e que, polo tanto, o argumentario da voceira do grupo de goberno queda totalmente desmontado.

C.I.F. P-1503100-H

O que implica a revisión de oficio é suspender o proceso momentaneamente agardando por un informe do Consello Consultivo de Galicia que indique se o que se está facendo é legal ou non e que, unha vez se teña dito informe, o Pleno decida sobre a continuación ou a necesidade de facer un novo procedemento conforme á Lei.

O BNG non pide que non se convoquen as prazas nin está negando o dereito das empregadas públicas á promoción profesional senón todo o contrario, está dando seguridade xurídica ao proceso xa que desde o BNG consideran que é moito mellor asegurar a lexitimidade das convocatorias a perder anos até que alguén novamente recorra unha convocatoria, como xa pasou en 2017, e decidan deixar novamente a promoción interna no caixón dos defuntos.

Lle pide ao goberno municipal que lembre o que aconteceu coa Oferta de Emprego Público de 2017 na que había tamén catro procesos co 100% das prazas dedicadas á promoción interna, procesos que xa naceron viciados con informes de Secretaría desfavorables que alertaban da situación que hoxe se está a repetir e nos que a secretaria informou en varias ocasións de maneira desfavorable cun informe no que se dicía textualmente o seguinte:

“Nas bases examinadas, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, convócanse 4 prazas de técnicos/as de xestión por promoción interna, sen que se reserve ningunha praza a turno libre, o que a xuízo desta Secretaría vulnera o disposto no artigo 23.2 da Constitución Española, o principio de igualdade no acceso (as prazas as que se convocan independentemente dos postos de traballo que existan na RPT) polo que é ilegal a reserva do 100% das prazas

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

convocadas para promoción interna polos motivos que se indicaron na nota informativa de Secretaría que xa acompañaba á convocatoria e ás bases daqueles procedementos”.

Publicáronse as bases en outubro de 2017, abriuse o prazo de presentación de instancias un ano despois en outubro de 2018, ao que se presentaron 27 empregadas do Concello de Culleredo ás que se fixo perder entre 3 e 4 anos de preparación preparando unha oposición, perdendo tempo de estar coas súas familias ou de rascar a barriga, até que en decembro de 2021 se certificou a caducidade deses procedementos. Pregunta por que non se levaron a cabo e di que o goberno municipal tiña tres anos, que son o máximo que marca a lei, para levalos a cabo; pregunta se tivo algo que ver que contra un deses procedementos se presentase un recurso por parte dunha particular, que se aprobase a revisión de oficio das bases e convocatoria dese procedemento e que o goberno municipal nunca remitirá ao Consello Consultivo de Galicia a información que lle requiría, deixando morrer 33 prazas de promoción interna nun caixón.

A OPE do 2017: 33 prazas de promoción interna morren nun caixón
A OPE do 2018: oferta un total de 2 prazas, ningunha de promoción interna
A OPE do 2019: oferta un total de 4 prazas, ningunha de promoción interna
A OPE do 2020: oferta un total de 8 prazas, ningunha de promoción interna
A OPE do 2021 (a que se está a debater): repítese a desfeita de 2017
A OPE do 2022: oferta un total de 3 prazas, unha de promoción interna
A OPE do 2023: oferta un total de 6 prazas, ningunha de promoción interna

Despois da relación que vén de facer, pregunta como pode saír a Sra. Figueroa Fuentes en defensa da promoción da carreira profesional dos traballadores e traballadoras do Concello.

Por todo o que vén de dicir, para darlle seguridade xurídica a eses procedementos e que novamente 32 prazas de promoción interna non volvan a morrer nun caixón cando calquera poida denunciar as bases, o BNG ten presentado a tódolos grupos que compoñen a Corporación municipal unha proposta de emenda á proposta asinada pola Sra. Figueroa Fuentes que se presenta neste punto, instando a substituír a parte resolutiva que traen a debate e votación pola seguinte:

“Visto o informe do técnico da administración xeral, mais atendendo ao artigo 106.1 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas titulado “Revisión de disposicións e actos nulos” e ás causas de nulidade de disposicións administrativas recollidas no artigo 47.2 da mesma Lei, estando estas motivadas suficientemente na solicitude de revisión de oficio presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, estimamos a oportunidade de dita solicitude. Ademais, atendendo ao recollido no artigo 134 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, norma estatal que non pode ser contradita por ningunha norma autonómica, e entendendo que o artigo 80 da Lei do emprego público de Galiza non entra en contradición ao non referirse aos mesmos extremos, unha, a galega, sinalando un mínimo de prazas reservadas para a promoción interna, e a outra, a estatal, sinalando un máximo, permitindo a convivencia de ámbolos textos legais e, polo tanto, rexeitando a interpretación da derogación tácita do artigo 134 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, e co obxectivo de dotar de seguridade xurídica aos procesos selectivos de persoal sinalados, propónse ao Pleno Municipal:

Primeiro.- Admitir a trámite a solicitude de revisión de oficio das bases reguladoras e convocatorias referidas na solicitude do Bloque Nacionalista Galego.

Segundo.- Iniciar a revisión de oficio das seguintes convocatorias e bases reguladoras publicadas polo Concello de Culleredo:

- Convocatoria e Bases Reguladoras para a provisión en propiedade de 10 prazas de Auxiliar

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

de Administración, da escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar, grupo de titulación C2, funcionario de carreira, polas quendas de Promoción Interna e Promoción Interna-Reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición no Concello de Culleredo, publicada no BOP da Coruña con número de anuncio 2023/7992.

- Convocatoria e Bases Reguladoras para a provisión en propiedade de 18 prazas de Administrativa/o, da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, grupo de titulación C1, funcionario de carreira, polas quendas de Promoción Interna e Promoción Interna-Reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo procedemento de concurso oposición no Concello de Culleredo, publicada no BOP da Coruña con número de anuncio 2023/7993.

Terceiro.- Que a revisión de oficio sexa tramitada segundo a Lei, o que implica:

- Solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia, para o que se remitirá este acordo ao Consello Consultivo de Galicia á maior brevidade.

- Que unha vez recibido o informe do Consello Consultivo, o Pleno da Corporación Municipal resolva a solicitude.

Cuarto.- Que se suspendan ditos procedementos mentres o Pleno non resolva a revisión de oficio, dados os danos irreparables que se poden producir pola súa continuidade tanto para o propio Concello como para terceiros respecto dos seus dereitos.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di o seguinte:

Están ante unha petición que lles sitúa a medio camiño entre o xuízo de oportunidade (que é o tipo de xuízo político que normalmente lles corresponde facer) e o xuízo de legalidade.

O BNG presenta unhas dúbidas razoables de legalidade, pero o único informe xurídico que manexan sae ao paso desas dúbidas e afirma a legalidade do proceso no referido á reserva, para a promoción interna, do 100% das prazas ofertadas.

Máis alá do informe xurídico emitido, recoñece que neste caso non lles parece oportuno que sexa o pleno quen promove un mecanismo extraordinario ou subsidiario de revisión da legalidade e iso por varios motivos:

- En primeiro lugar, porque sendo moitas as persoas sin relación funcional co Concello que, potencialmente, poderían optar a esas prazas, de terse ofertado na quenda libre, o lóxico sería que fora algunha delas a que impugnase a oferta ou a convocatoria, no suposto de que apreciase razóns legais para facelo e que esa sería unha opción máis natural e máis comprensible que a opción de que sexa a propia casa, por un impulso político plenario, a que desfaga ou suspenda o proceso iniciado.
- En segundo lugar, por extemporáneo ou, se se prefire, por respecto ás lexítimas expectativas dos funcionarios da Casa. Desde hai anos en que se aprobou a Oferta de Emprego Público se sabe que esas prazas están reservadas á promoción interna: hai funcionarios e funcionarias que xeraron expectativas e activar agora un mecanismo de revisión de oficio sería quebrar o principio de confianza que os funcionarios depositan na administración local ou, dito doutra maneira, poderíase invocar o artigo 110 da propia Lei 39, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que advirte que as facultades de revisión non poderán ser exercidas cando polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias o seu exercicio resulte contrario á boa fe ou ao dereito dos particulares, non debendo esquecer neste sentido que na Oferta de Emprego Público de fai xa bastante tempo se prevía a reserva que agora se cuestiona.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

- *En terceiro lugar, porque activar desde unha instancia política como é o pleno, un mecanismo de revisión da Oferta Pública de Emprego ou, concretamente, das Bases, sería situar aos funcionarios do Concello de Culleredo no centro dunha polémica que non merecen.*

Por suposto que non queren reprobar con dureza a iniciativa do BNG pois lles parece respectable calquera preocupación polo cumprimento da Lei pero, neste caso, lles parece que quizais incorrera nun innecesario e contraproducente exceso de celo e que os funcionarios e funcionarias do Concello se merecen outra consideración, merecen que se contemplan mecanismos de carreira profesional e, concretamente, de promoción interna, mecanismos que lles sirvan de estímulo para compensar co seu traballo a desidia do goberno local.

Non hai que esquecer que son os funcionarios e as funcionarias do Concello os que, en ausencia dun goberno que os impulse e dirixa, fan efectivo todos os días o principio de continuidade no funcionamento dos servizos públicos.

Non hai que esquecer que son os funcionarios e as funcionarias do Concello os que desenvolven un traballo inversamente proporcional á enorme desidia do goberno local.

Por todo o exposto desde o Partido Popular non van apoiar a petición do BNG.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O goberno municipal non comparte o criterio do comentado pola Sra. Palla Maceiras, voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, porque a palabra garantista está moi ben pero lle pregunta para quen, engadindo que se está a falar de 32 traballadores afectados, 28 para o BNG porque non pide a revisión de oficio dun dos procesos que si saíu publicado o mesmo día e case á mesma hora que os outros.

Considera que este tema está suficientemente debatido e que se trata dunha reivindicación dos traballadores e dos sindicatos desde xa fai tempo.

Dirixíndose ao Sr. Méndez Mosqueira, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, lle di que é curioso o despiste que tivo porque tanto no BOE como no BOP saen as tres convocatorias seguidas e que, respecto da OPE do 2017, levouse no seu día ao Pleno porque así o indicaba a Secretaría municipal enviándose ao Consello Consultivo para informe, e que non é certo o que di o BNG respecto de que non se remitiu información solicitada polo Consello pois o que pasou foi que o Consello Consultivo devolveu o expediente porque o órgano que tomara a decisión non era o órgano competente xa que era a Xunta de Goberno Local que era a que aprobara o proceso, modificándose esta circunstancia por unha sentenza deste ano 2023 polo que neste momento si é o Pleno o competente; di que no momento en que se puido se quitaron de novo todos os procesos de promoción interna, e engade que son tres, non catro como se mencionou.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di o seguinte:

Lle produce desidia ter responsables políticos no Concello de Culleredo que ou non saben cal é o seu traballo ou queren mentir deliberadamente á cidadanía e, neste caso, aos traballadores e traballadoras do Concello.

No 2017 se sacaron 4 procedementos de promoción interna, non 3 como vén de dicir a Sra. Figueroa Fuentes: un procedemento de técnico de xestión con 4 prazas, outra de administrativos con 19 prazas, outra de auxiliares con 10 prazas e unha de inspector/a cunha praza.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Con respecto ao proceso que se seguiu na declaración da caducidade da OPE de 2017 o informe fai unha narración exhaustiva dos feitos; o proceso de promoción interna dos técnicos de xestión foi recorrido por un particular externo porque a cidadanía, que está preparando oposicións, ten dereito ao acceso ao emprego público porque así o di a Constitución; na narración dos feitos fálese do momento en que entra no Rexistro o recurso desa persoa solicitando a nulidade, fala do 28 de febreiro de 2019, cando o Pleno, no que o PSdG-PSOE tiña maioría absoluta, decidiu abrir o procedemento de revisión de oficio, fala do 2 de xullo de 2019 cando o Pleno solicita ditame ao Consello Consultivo de Galicia, fala do día 11 de xullo de 2019, no que se solicita o preceptivo ditame ao Consello Consultivo de Galicia e fala tamén do 2 de agosto de 2019 cando o Consello Consultivo emite certificación na que se recolle o acordo adoptado e pasa a ler dito acordo dicindo "Devolver o expediente, sen a emisión do ditame, con base nos fundamentos que deseguido se expresan, debendo, unha vez completadas as actuacións requiridas, someter de novo o expediente ao ditame deste órgano consultivo"; pregunta se a Sra. Figueroa Fuentes sabe do que non hai narración a posteriori e lle di que non a hai nin de que se completaran as actuacións requiridas polo Consello Consultivo nin de que o enviaran novamente para sometelo ao ditame dese órgano consultivo porque o goberno municipal decidiu non facer nada e deixar morrer 33 prazas de promoción interna; agora falan, tamén a Sra. García Gorostizu, de que hai que agardar a que alguén reclame e engade que o que o BNG quere é que desde xa, desde este mesmo momento, se dea a este procedemento seguridade xurídica e non facer perder máis tempo aos empregados públicos que están agardando e invita á Sra. Figueroa a preguntar aos inscritos e inscritas na OPE do 2017 canto tempo pasaron estudando e lle pregunta se agora se quere facer o mesmo; di que o BNG quere darlles seguridade xurídica a este procedemento desde xa porque nace viciado desde o inicio.

C.I.F. P-1503100-H

Lles sorprende tamén que se obvie neste caso que o asesoramento legal preceptivo está reservado á Secretaría do Concello, segundo o Real decreto 128/2018 que regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e así o recolle no artigo 2; di que neste caso non se solicitou o preceptivo informe a Secretaría, supoñendo que non quixerían que pasara o mesmo que no 2017 e repite unha vez máis que é ilegal a reserva do 100% das prazas para promoción interna; di que o BNG quere defender a promoción interna e a promoción da carreira profesional dos traballadores do Concello de Culleredo pero asegurando que os procedementos cumpren coa legalidade para que non volva pasar o mesmo, para que non volvan a morrer no caixón 32 prazas de promoción interna; que ten razón que non se perderon as prazas pero si perderon o tempo os traballadores e as traballadoras municipais. Pide que se reconsideren as posturas e apoiem a emenda que presenta o BNG.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di o seguinte:

Considera que este punto está suficientemente debatido e a súa postura é clara; que primeiro se dixo que se lle negaba información ao Consello Consultivo e agora que se devolveu para seguir os trámites, variando os criterios e que, en todo caso, o expediente está aí para consultar.

Quere aclarar, respecto do dito polo BNG sobre que quere protexer esta promoción e que non se perdan as prazas, que os prazos para o recurso xa remataron polo que os únicos que están a poñer trabas para que a promoción interna non se execute é o BNG, reiterando que a promoción interna é unha solicitude dos traballadores e que é positiva tanto para o Concello como para eles mesmos; que o equipo de goberno considera que a promoción interna cumpre coa legalidade e non vai aceptar a emenda do BNG.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación dos membros da Corporación presentes a emenda presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), dos Sres. concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo e de Alternativa dos Veciños.

Votos en contra: catorce (14), dos Sres. concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE e Partido Popular.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación a emenda resulta rechazada.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con catorce (14) votos a favor, os dos representantes presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (7), e Partido Popular (7); seis (6) votos en contra, os dos representantes dos grupos municipais Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2); o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a solicitude de revisión de oficio das bases reguladoras e convocatorias referidas na solicitude do Bloque Nacionalista Galego.

Segundo.- Continuar coa tramitación dos procesos selectivos de promoción interna aplicando a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia por ser a directamente aplicable para regular a promoción interna.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS PARA A MELLORA DA PÁXINA WEB, ASÍ COMO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CULLEREDO (REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 2023/12462, DE DATA 21/11/2023).

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Alternativa dos Veciños rexistro de entrada n.º 2023/12462 de 21 de novembro de 2023, relativa á mellora da páxina web, así como da sede electrónica do Concello de Culleredo.

«A concelleira de Alternativa dos Veciños e voceira do grupo municipal, Indrani Thais Palla Maceiras, en virtude do dereito que lle confire o Regulamento Orgánico Municipal, presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte moción para a mellora da páxina web, así como da sede electrónica do noso Concello:

Exposición de motivos

Vimos de vivir unha pandemia mundial que nos fixo cambiar a nosa forma de relacionarnos coas Administracións. Encerrados na casa, tiñamos que

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

teletraballar, recibir asistencia médica a distancia, así como, xestionar os nosos trámites de maneira telemática.

Nese momento as administracións públicas pecharon as súas portas, trasladando deste xeito os veciños e veciñas a necesidade de realizar as súas xestións mediante a sede electrónica ou vía telefónica. No caso en concreto de Culleredo, é importante reseñar que, a pesar de eso, non se levou a cabo mellora algunha na páxina web que facilitase a realización de ditas xestións.

Temos unha páxina web pouco intuitiva, cunha sede electrónica que non realiza ningún dos trámites por completo. Case todo se basea nunha instancia xenérica que despois hai que repartir “a man” por cada departamento. Tendo en conta a problemática de persoal referida de maneira reiterada polo equipo de goberno, sería de total utilidade que a páxina web axudase a axilizar os trámites os veciños e veciñas e deste xeito reducira as tarefas dos traballadores do Concello.

A solución é necesaria e sinxela, tanto é así que varios concellos da contorna xa o están a facer. Os beneficios serían evidentes: comodidade e eficiencia para os veciños e veciñas a hora de relacionarse co Concello, e tamén para os traballadores do Concello que poderían adicar o seu tempo aquelas xestións que requiran natureza presencial, así como a realización doutras tarefas igual de necesarias.

Este é o aspecto da páxina web na actualidade:


C.I.F. P-1503100-H

Seguridade Cidadá e Protección Civil


1


0

Segundo se indica na páxina web da propio Concello, o estado de implantación é o seguinte (vemos unha comparativa con outros concellos, tanto no nivel de implantación como no súa presentación sinxela e intuitiva):

Icono	Información	Culleredo	Carral	Oleiros
<i>i</i> Nivel 1.	Información	47	68	57
<i>/</i> Nivel 2.	Descarga de formularios	47	68	30
@ Nivel 3	Iniciación electrónica	11	68	39
 Nivel 4.	Tramitación	0	0	0
★ Nivel 5.	Proactivo/automatizado	0	0	0

C.I.F. P-1503100-H





C.I.F. P-1503100-H

Considerando o anteriormente exposto, Alternativa dos Veciños de Culleredo presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello a seguinte proposta de

ACORDO

Primeiro.- O pleno do concello de Culleredo asume a necesidade de mellorar a páxina web, así como, a sede electrónica do Concello.

Segundo.- A mellora incluírá os seguintes puntos:

1.- Reestruturación completa da páxina, facéndoa máis sinxela e de fácil uso, incluíndo unha versión totalmente adaptada aos dispositivos móbiles xa que se utilizan en case o 80% das transaccións en liña.

2.- Que a sede electrónica permita o acceso e a tramitación en todos os servizos municipais. Que exista unha instancia específica para cada un de eles, e que os veciños e veciñas poidan coñecer o estado de tramitación dos expedientes. Que exista unha opción de seguimento, que transmita a seguridade de que as súas solicitudes están sendo atendidas.

3.- Poder facer consultas e recibir resposta en liña. Ou ter unhas preguntas frecuentes o suficientemente completas para poder resolver gran parte das dúbidas habituais dos veciños e veciñas. En definitiva, que se automaticen todos os procesos tecnicamente posibles, para que a xestión sexa totalmente automática.»

DEBATE

A continuación solicita o uso da palabra o secretario municipal, Sr. del Barrio Berbel que, unha vez concedido, di que solicita o uso da palabra en base ao Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais e ao ROM municipal que establece que Secretaría e Intervención poden intervir cando se dubide da legalidade dalgún acordo que se vaia adoptar e indica que neste caso, en relación coa moción que se presenta, o órgano competente para adoptar dito acordo non é o Pleno senón a Alcaldía ou no seu caso a concelleira delegada de Persoal ou de Réxime Interior; di que o que se solicita na moción que se presenta neste punto se asemella máis a un rogo que a unha moción e que, en principio, habería que reformular a moción como un rogo, ou reformular a redacción de forma que se recolla instar ao órgano competente á adopción desa serie de medidas que se propoñen sobre a páxina web.

A continuación o Sr. Alcalde fai uso da palabra e di que, tendo en conta a consideración feita polo Sr. Secretario municipal e tendo en conta que a moción a presenta o grupo municipal Alternativa dos Veciños, lle dá a palabra á Sra. Palla Maceiras para que indique o que queren facer.

De seguido a Sra. Palla Maceiras fai uso da palabra e indica que o seu Grupo non ten ningún inconveniente en reformular o texto en virtude da proposta que vén de facer o Sr. Secretario municipal e recoller que a proposta se traslada para que a adopte o órgano competente que neste caso sería a Alcaldía; pregunta se le a moción igualmente ou neste caso xa non sería necesario.

O Sr. Secretario municipal indica que o mellor sería reformular os términos concretos en que quedaría redactada.

A Sra. Palla Maceiras, voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, procede coa lectura da moción que presenta neste punto, reformulando as propostas de acordo de conformidade co sinalado polo Sr. Secretario municipal, quedando redactada a nova proposta de acordo da seguinte forma:

“Primeiro.- O Pleno do Concello asume a necesidade de mellorar a páxina web do Concello así como a sede electrónica do Concello e traslada esta necesidade ao

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

órgano competente, que neste caso sería a Alcaldía, para que se leven a cabo as accións oportunas para que esta mellora sexa unha realidade.

A mellora incluirá os seguintes puntos:

1.- Reestruturación completa da páxina, facéndoa máis sinxela e de fácil uso, incluíndo unha versión totalmente adaptada aos dispositivos móbiles xa que se utilizan en case o 80% das transaccións en liña.

2.- Que a sede electrónica permita o acceso e a tramitación en todos os servizos municipais. Que exista unha instancia específica para cada un de eles, e que os veciños e veciñas poidan coñecer o estado de tramitación dos expedientes. Que exista unha opción de seguimento, que transmita a seguridade de que as súas solicitudes están sendo atendidas.

3.- Poder facer consultas e recibir resposta en liña. Ou ter unhas preguntas frecuentes o suficientemente completas para poder resolver gran parte das dúbidas habituais dos veciños e veciñas. En definitiva, que se automaticen todos os procesos tecnicamente posibles, para que a xestión sexa totalmente automática.»

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O seu Grupo está de acordo coa moción que presenta Alternativa dos Veciños e o BNG ten feito nos últimos anos propostas semellantes que se aprobaron e nunca se chegaron a executar, en particular a migración de todo o sistema para as aplicacións tanto internas como externas, como a propia web ou a Sede electrónica para o ecosistema informático que a Deputación pon a disposición dos concellos de forma gratuíta, como teñen outros concellos da provincia da Coruña; este goberno municipal prefire estar pagando por unha aplicación privada que funciona mal, que leva a erros como o que provocou aprazar este pleno, como os que día si e día tamén leva a que a veciñanza teña problemas para presentar os seus trámites e informarse, os problemas da aplicación interna dos que nos fala o funcionariado constantemente, a última vez que nos tocou escoitalo foi cando o anterior secretario municipal comentou que estivera toda a mañá pelexando co OpenCertiac e incluso ao inicio da pandemia tivo que ser o BNG quen publicase un manual de uso do rexistro electrónico do Concello para que a veciñanza puidese ter un mínimo de información sobre como relacionarse coa administración cando non existía a posibilidade de facelo persoalmente; adianta que o seu Grupo votará a favor pois pensa que a vontade queda expresada entre os seus comentarios e a moción de Alternativa dos Veciños.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal Partido Popular, Sr. Leites Maneiro quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O seu Grupo vai apoiar a moción que se presenta neste punto porque a ve necesaria e ademais urxente pero queren facer unha emenda, xa que consideran que non ten sentido reestruturar a páxina web existente, engadindo os seguintes puntos:

- *Facer unha nova páxina web do Concello de Culleredo.*

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

- *Dotar ao departamento de Informática do persoal suficiente para o correcto funcionamento e mantemento da mesma xa que calquera web necesita unha continua actualización e de nada serviría unha web ben estruturada sen contido actualizado.*
- *Incluír na web a retransmisión dos plenos e unha mellora nesa retransmisión, sen enlaces a yootube.*

Deseguido fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di o seguinte:

Que o grupo de goberno está tamén de acordo coa moción que se presenta neste punto e está a coordinar coa Secretaría do Concello como se vai facer o tema de xestión de expedientes para que sexa compatible con sede electrónica.

A web ten que ter unha mellora e desde os servizos informáticos xa se iniciou pero por diferentes motivos non se puido colgar a nova páxina web. O que recolle a moción é unha necesidade evidente e considera que nun prazo curto de tempo se terá ese novo formato da páxina web.

Respecto da sede electrónica, indica que se está a estudar co Secretario municipal para tratar de coordinala e facer a xestión de arquivos desde a sede electrónica.

A continuación a Sra. Palla Maceiras indica que o seu Grupo acepta a emenda presentada polo Partido Popular porque considera que, entre outras cousas, é moi necesaria a actualización da páxina web na que aínda aparece a Corporación anterior.

C.I.F. P-1503100-H

VOTACIÓN

Sometida pola Presidencia a votación ordinaria a moción presentada polo Grupo municipal Alternativa dos Veciños, coa emenda proposta polo Partido Popular, por unanimidade dos Sres. concelleiros e concelleiras presentes, o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- O Pleno do Concello asume a necesidade de mellorar a páxina web do Concello así como a sede electrónica do Concello e traslada esta necesidade ao órgano competente, que neste caso sería a Alcaldía, para que se leven a cabo as accións oportunas para que esta mellora sexa unha realidade.

A mellora incluírá os seguintes puntos:

1.- Facer unha nova páxina web do Concello de Culleredo, máis sinxela e de fácil uso, incluíndo unha versión totalmente adaptada aos dispositivos móbiles xa que se utilizan en case o 80% das transaccións en liña.

2.- Que a sede electrónica permita o acceso e a tramitación en todos os servizos municipais. Que exista unha instancia específica para cada un de eles, e que os veciños e veciñas poidan coñecer o estado de tramitación dos expedientes. Que exista unha opción de seguimento, que transmita a seguridade de que as súas solicitudes están sendo atendidas.

3.- Poder facer consultas e recibir resposta en liña. Ou ter unhas preguntas frecuentes o suficientemente completas para poder resolver gran parte das

dúbdas habituais dos veciños e veciñas. En definitiva, que se automaticen todos os procesos tecnicamente posibles, para que a xestión sexa totalmente automática.

Segundo.- Dotar ao departamento de Informática do persoal suficiente para o correcto funcionamento e mantemento da mesma xa que calquera web necesita unha continua actualización e de nada serviría unha web ben estruturada sen contido actualizado.

Terceiro.- Incluír na web a retransmisión dos plenos e unha mellora nesa retransmisión, sen enlaces a youtube.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO RELATIVA A EXIXIR RESPONSABILIDADES XURÍDICAS Á EMPRESA REDACTORA E Á EMPRESA CONTRATISTA DO PROXECTO DA CUBERTA DO PARQUE INFANTIL DAS BRAÑAS (REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 2023/12488, DE DATA 22/11/2023)

C.I.F. P-1503100-H

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular en data 22 de novembro de 2023 (registro de entrada núm. 2023/12488) relativa á exixir responsabilidades xurídicas á empresa redactora e á empresa contratista do proxecto da cuberta do parque infantil das Brañas:

«MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO EXIGIR RESPONSABILIDADES JURIDICAS A LA EMPRESA REDACTORA Y A LA EMPRESA CONTRATISTA DEL PROYECTO DE LA CUBIERTA DEL PARQUE INFANTIL DE AS BRAÑAS.


El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

El 7 de diciembre del 2019 desde el Gobierno Municipal publicaron la noticia de la entrada en funcionamiento del Parque de As Brañas dentro de su proyecto estrella de cubrición de parques infantiles.

Sus palabras fueron:

“Queremos favorecer a las familias de todo el municipio y por eso continuaremos cubriendo Parques, como este de las Brañas, ya que con estos Proyectos se protege los usos de parques infantiles que son zonas muy utilizadas por los vecinos de nuestro municipio y además, fomentamos la idea de bienestar”

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Pero transcurridos 10 meses desde esta noticia, el 2 de octubre del 2020, la cubierta del parque se vino abajo y allí continuó durante casi 3 años.

Tuvieron que llegar las elecciones municipales para que se tomase alguna medida y poder retirar la cubierta de la vergüenza del suelo, pero aun hoy, el parque sigue inutilizado para los vecinos de Fonteculler que se sienten totalmente abandonados por este gobierno municipal.

En el 2021 se contrató también externamente un informe técnico de proyecto e inspección de la estructura que concluye que el proyecto tiene una serie de errores en el cálculo de la estructura y una ejecución pésima del mismo.

Siendo conscientes de que este proyecto se financió con fondos de la Diputación a través del POS del 2018 y que ya no hay más prórroga posible, qué va a pasar ahora con los 4.000 euros que quedan por certificar? Y con las certificaciones emitidas y abonadas por la Diputación si no hay una certificación final de recepción?

También se tuvieron que abonar varios gastos a mayores a ARIAS INFRAESTRUCUTRAS para el desmontaje de la cubierta, a Antonio Ferreiro Novo por el Informe Técnico y a PEDRAGALLADA por la retirada de la estructura. También queremos conocer qué cambió para no haber podido retirar la cubierta en tres años, habiendo sido solicitado en numerosas ocasiones por los vecinos y por el PP, y justo sí retirarla en período de campaña electoral. Simplemente una orden del Alcalde?

C.I.F. P-1503100-H

Finalmente, el resumen es que había un parque infantil en Fonteculler y que a día de hoy, debido a su negligente gestión, necesita urgentemente una reforma integral para que se vuelva a poder usar.

Por todo ello, desde el Grupo Municipal Popular proponemos al Pleno la adopción de los siguientes

ACUERDOS:

1.- Incoación de un expediente de exigencia de responsabilidades a las mercantiles ACERARQ CORUÑA S.L. e INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR S.L. por los daños producidos como consecuencia de los errores contenidos en el Proyecto y ejecución de la obra, según acredita el Informe Externo contratado por el concello.

2.- Exigencia de las indemnizaciones, daños y perjuicios que correspondan en derecho a estas sociedades por los gastos generados por el desplome de la cubierta y que han quedado descritos en la parte expositiva de esta moción

3.- Asignación de una partida presupuestaria en los Presupuestos Municipales para el arreglo urgente del parque infantil y que su apertura se produzca en el primer trimestre del 2024.»

DEBATE

O Sr. Secretario municipal indica que, ao igual que no punto anterior, nesta moción sería necesario considerala como un rogo ou reformular a proposta de acordo xa que o Pleno non é o órgano competente para adoptar o que nela se propón polo que habería que incluír instar ao órgano competente, que neste caso sería o órgano de contratación, a incoar o expediente de responsabilidade e, no seu caso, á esixencia de danos e prexuízos e que se proceda á asignación dunha partida presupostaria.

A continuación a Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal do Partido Popular, di que o seu Grupo atende as indicacións do Sr. Secretario municipal e emenda a moción transcrita anteriormente, quedando redactada a proposta de acordo co seguinte texto:

ACUERDOS:

1.- Instar al órgano competente la incoación de un expediente de exigencia de responsabilidades a las mercantiles ACERARQ CORUÑA S.L. e INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR S.L. por los daños producidos como consecuencia de los errores contenidos en el Proyecto y ejecución de la obra, según acredita el Informe Externo contratado por el concello.

2.- Exigencia de las indemnizaciones, daños y perjuicios que correspondan en derecho a estas sociedades por los gastos generados por el desplome de la cubierta y que han quedado descritos en la parte expositiva de esta moción

3.- Asignación de una partida presupuestaria en los Presupuestos Municipales para el arreglo urgente del parque infantil y que su apertura se produzca en el primer trimestre del 2024.»

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O seu grupo quere presentar unha emenda neste punto e engadir un punto 4 á moción porque entenden que a súa parte propositiva esquece exixir responsabilidades á parte política por ter a cuberta alí tirada durante máis de dous anos, que tivo o parque pechado e que pagou o 90% dos custos dunha obra que non aguantou o primeiro temporal e que pagou 40.000 euros por retirar os restos en vésperas de eleccións.

Propoñen engadir un punto cuarto que diga o seguinte:

4.- Crearase unha comisión especial de investigación, coa mesma composición que a acordada no documento USG17I0408 do pleno de organización para as comisións informativas, co obxecto de poñer a disposición de todos os membros da Comisión todos os expedientes relacionados, determinar o custo que tivo este desastre para a administración municipal e determinar que responsabilidades políticas, administrativas e patrimoniais poden proceder exixir. A comisión poderá pedir a comparecencia de técnicos municipais, cargos políticos e contratistas que estime oportuno. O resultado das investigacións será transmitida ao Pleno

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

para que todos os membros da Corporación poidan ter coñecemento delas e de aí poderán xurdir ou non novas iniciativas ou afinar as que hoxe se aproban no Pleno.

A Sra. García Gorostizu fai uso da palabra e di que o seu Grupo non ten ningún inconveniente en aceptar a emenda do Grupo municipal do BNG porque todo o que sexa completar a proposta será benvido.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Secretario municipal e, unha vez concedido, di que hai que ter en conta, se se acepta a emenda, que as comisións de investigación non están reguladas no ámbito local; o Regulamento orgánico municipal e a lexislación de réxime local non prevén esa figura que si está regulada no ámbito parlamentario estatal ou autonómico polo que, ao non estar regulado, non se podería crear a comisión que se solicita.

Deseguido solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que agradece a información dada polo Sr. Secretario municipal e que, se non recorda mal, as que si aparecen reguladas son as comisións extraordinarias e se podería establecer unha comisión extraordinaria con esa finalidade polo que se podería cambiar a emenda e en vez de falar de comisión de investigación se falaría de comisión especial con motivo da investigación.

O Sr. Secretario municipal indica que non está regulado e que as comisións informativas se aproban no Pleno de constitución, ao principio do mandato, e son esas as que rexen para todo o período; di que esas funcións, tal e como se presenta na emenda, entre elas determinar as responsabilidades políticas, administrativas e patrimoniais que poida proceder exixir, non son competencia dunha comisión informativa pois se debería sustentar nun expediente administrativo con informes de funcionarios públicos que poderían determinar a existencia dalgunha responsabilidade administrativa ou patrimonial de acordo cos procedementos que están regulados; ese tipo de comisión informativa non está regulada e moito menos para ese tipo de finalidades polo que, en principio, el faría unha advertencia de ilegalidade de que non hai respaldo xurídico para poder crear a comisión que se solicita.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación intervén a Sra. García Gorostizu, voceira do Partido Popular, e di que, atendendo ás indicacións do Sr. Secretario, considera que se debería deixar a moción tal e como está e que o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo podería traer na vindeira sesión unha proposta de acordo referida a emenda que quere presentar e o Partido Popular a apoiaríala.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido di que lles sorprende a interpretación dada polo Sr. Secretario municipal sobre todo porque nunha lexislatura anterior si se constituíu unha comisión a medio mandato e por iso lles sorprende que só se poidan crear no pleno de organización; que considera que non está en contradición coa Lei poder creala en calquera momento e recorda que hai comisións ordinarias e outras extraordinarias ou especiais; di que o traerán no próximo pleno tras estudar cal sería a mellor forma de propoñer a cuestión que queren propoñer e anuncia que retira a emenda da que falou e que votarán a favor da moción tal e como está.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo vai apoiar a moción coa modificación suxerida polo Sr. Secretario municipal respecto de instar ao órgano competente; que a asignación presupostaria xa está recollida nos presupostos e que lles parece correcta a moción e a van apoiar.

A Sra. García Gorostizu indica que o que solicitan é presuposto non para a execución dun novo proxecto no capítulo de investimentos que é o que recolle o orzamento senón para arranxar o que está agora tirado e que neste trimestre quede arranxado o parque actual porque non se pode usar.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que o goberno municipal conta cun informe que indica que non é aconsellable arranxar o parque tal e como está agora e que, se sae a incorporación de remanentes, procederase a arranxar ese parque tal e como está previsto.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción presentada polo Grupo municipal Partido Popular, por unanimidade dos Sres. concelleiros e concelleiras presentes o Pleno municipal acorda:

- 1.- Instar ao órgano competente á incoación dun expediente de exixencia de responsabilidades ás mercantís ACERARQ CORUÑA S.L. e INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES MELCOR S.L. polos danos producidos como consecuencia dos erros contidos no Proxecto e execución da obra, segundo acredita o Informe Externo contratado polo Concello.
- 2.- Exixencia das indemnizacións, danos e prexuízos que correspondan en dereito a estas sociedades polos gastos xerados polo desplome da cuberta e que quedaron descritos na parte expositiva da moción
- 3.- Asignación dunha partida presupostaria nos Presupostos Municipais para o arranxo urxente do parque infantil e que a súa apertura se produza no primeiro trimestre do 2024.

C.I.F. P-1503100-H

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS O EMERXENCIA (PEEIS) (REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 2023/12488, DE DATA 22/11/2023).

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular en data 22 de novembro de 2023 (registro de entrada núm. 2023/12488) relativa á modificación do regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais ou emerxencia (PEEIS):

«MOCION QUE PRESENTA EL PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO EN RELACION A LA MODIFICACION DEL REGLAMENTO DE ACCESO A LAS PRESTACIONES ECONOMICAS MUNICIPALES DE EMERGENCIA (PEEIS).

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

La misión de los servicios sociales es proporcionar una ayuda económica inmediata a las personas que, de forma circunstancial o temporal, viven situaciones límite y les resulta imposible ver cubiertas sus necesidades básicas, como también apoyar a personas en riesgo de exclusión social.

Estas ayudas económicas, que se articulan desde el concello, vienen a completar las que pueden recibir de otras administraciones, siendo su objetivo principal la inmediatez en la respuesta.

Pero mientras que Culleredo, hace años fue referente en servicios sociales, actualmente las quejas recibidas por nuestro grupo municipal, de los usuarios de este servicio, son numerosas. Estas quejas, mayoritariamente, están relacionadas con el tiempo de respuesta, que para una primera cita está en dos meses; por la necesidad de mayores cuantías de la ayuda y, por último, de vecinos que presentan necesidades pero que no cumplen los requisitos para ser beneficiario de esta ayuda.

Haciendo un estudio de las demandas de los vecinos, del aumento de los precios, de los tipos de interés de las hipotecas, de los alquileres y de los presupuestos del 2022 (pues de este 2023 todavía no se ha recibido ningún adelanto de la liquidación), desde nuestro Grupo Municipal llegamos a la conclusión de que el concello debe ofrecer un servicio en mejores condiciones.

En el año 2022, de un crédito inicial de transferencia a las familias de 600.000 euros, únicamente se ejecutaron 200.000 euros. Quedaron pendientes de transferir 400.000 euros, mientras que familias de este concello no vieron cubiertas necesidades básicas disponiendo el concello de recursos para evitarlo.

Por todo ello, desde el Grupo Municipal Popular proponemos al Pleno la adopción de los siguientes

ACUERDOS:

1.- Dotar al departamento de servicios sociales de, al menos, una trabajadora social para poder reducir en el año 2024 los tiempos de respuesta de los dos meses actuales al mínimo posible en función de la demanda de este servicio por parte de los vecinos de Culleredo.

2.- Elaborar un estudio, por parte del departamento de Servicios Sociales de este concello, en el que se revisen los requisitos para ser beneficiario de esta ayuda y los importes máximos para que la respuesta por parte de la administración local se ajuste a las necesidades reales de los vecinos de Culleredo.

3.- Modificar el artículo 5, el artículo 8, el artículo 10 del reglamento, en función de los resultados del estudio previo, con el objetivo de que se aumente el número de personas que se puedan acoger a estas ayudas, y se aumenten los importes máximos de las mismas para que se adapten a la realidad del coste de vida actual.»

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

DEBATE

O Sr. Secretario municipal indica que no mesmo sentido que nas mocións anteriores, neste caso o correcto sería reformular a moción como rogo ou instar ao órgano competente que neste caso sería o Alcalde ou a concelleira delegada de Benestar Social.

A continuación a Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo municipal do Partido Popular, di que o seu Grupo atende as indicacións do Sr. Secretario municipal e emenda a moción transcrita anteriormente, quedando redactada a proposta de acordo co seguinte texto:

«ACUERDOS:

1.- Instar al órgano competente a dotar al departamento de servicios sociales de, al menos, una trabajadora social para poder reducir en el año 2024 los tiempos de respuesta de los dos meses actuales al mínimo posible en función de la demanda de este servicio por parte de los vecinos de Culleredo.

2.- Elaborar un estudio, por parte del departamento de Servicios Sociales de este concello, en el que se revisen los requisitos para ser beneficiario de esta ayuda y los importes máximos para que la respuesta por parte de la administración local se ajuste a las necesidades reales de los vecinos de Culleredo.

3.- Modificar el artículo 5, el artículo 8, el artículo 10 del reglamento, en función de los resultados del estudio previo, con el objetivo de que se aumente el número de personas que se puedan acoger a estas ayudas, y se aumenten los importes máximos de las mismas para que se adapten a la realidad del coste de vida actual.»

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di o seguinte:

Están a falar dunha normativa municipal para o acceso a prestacións económicas de emerxencia para a inserción social, que cumpre agora 10 anos, e concordan coa proposta do Partido Popular en que cómpre a revisión da mesma. É necesario porque a realidade ten cambiado moito nesta última década, en primeiro lugar polo apoio desde as diferentes administracións a sistemas e prácticas económicas que perpetúan e amplían a desigualdade entre a cidadanía, aumentando o número de persoas baixo o umbral da pobreza.

Segundo informe da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, a taxa de persoas en risco de pobreza na Galiza é do 18%. É dicir, neste país hai unhas 485.000 persoas pobres, con factores que aumentan ese risco, que é máis preocupante aínda entre as mulleres cunha diferenza de punto e medio sobre os homes, máis incisiva nos fogares con menores, nos que o risco de pobreza chega case ao 20%, e no caso dos propios menores de idade, no que chega case ao 21% fronte a outros tramos de idade.

Pero ademais de polos factores económicos, a realidade tamén mudou porque a sociedade evolúe, dando cabida ao recoñecemento de formas de vida e modelos familiares que estaban nas sombras hai uns anos, como por exemplo, as unidades familiares monomarentais, ou as unidades familiares con crianzas, nas que se debe ter en conta a imposibilidade das nenas e

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

nenos de xerar rendementos polo traballo e que polo tanto teñen maiores dificultades no día a día, como ben indican os datos en tódolos informes ao respecto.

É por iso que desde o BNG de Culleredo levan tamén xa un tempo en conversa con diferentes colectivos e entidades para acometer cambios neste tipo de ordenanzas, como outras que deberían ser tamén revisadas para adaptarse aos tempos. Efectivamente, a execución do orzamento nesta partida debería mellorar e efectivamente debería haber máis persoal en Servizos Sociais, crendo que a proposta de engadir unha traballadora queda algo curta pero é necesario.

Consideran que hai unha cuestión que debe quedar ben definida nestes acordos para poder facilitar o seu cumprimento, porque para poder modificar o Regulamento débese instar a que se incoe un expediente ao respecto, e a reforma non pode ser limitada só aos 3 artigos que cita a proposta, sobre todo porque estaría limitando a capacidade do departamento de Servizos Sociais para propoñer no seu informe unha reforma de maior alcance.

Por esa cuestión, e considerando que facilitará o cumprimento deste acordo e alcanzar os obxectivos que citan, propoñen unha EMENDA de modificación do punto 3 dos acordos para que diga "Instar ao órgano competente a incoar expediente para a modificación do Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) do Concello de Culleredo, en función dos resultados do estudio previo, co obxectivo de que se aumente o número de persoas que se poden acoller a estas axudas, e se aumenten os importes máximos das mesmas para que se adapten á realidade social e económica actuais."

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. García Gorostizu di que o seu Grupo acepta a emenda se o Sr. Secretario considera que a redacción da mesma é aceptable.

O Sr. Secretario municipal manifesta a súa conformidade.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O voto do seu grupo vai ser tamén favorable e quere facer dúas puntualizacións: en primeiro lugar o Regulamento data de 2013 e hai un borrador posterior ao que todos os membros da Corporación poden ter acceso sen ningún problema no que hai un informe previo da xefatura da área e das xefas de sección; este novo regulamento modificouse en máis puntos dos que tocan o Partido Popular e o BNG e os que tocan eles tamén se inclúen, véndose como nos últimos anos houbo un incremento no orzamento que non se utilizou por estar sen aprobar o regulamento; o borrador está feito a raíz da pandemia que foi cando se detectaron as necesidades e haberá que retomalo, actualízalo e tramitalo.

A Sra. García Gorostizu indica que lle parece ben o dito pola Sra. Figueroa Fuentes e non dubida da súa palabra pero quere aproveitar para comentar que ao inicio da lexislatura solicitaron unha reunión cos xefes de servizo e tamén na xuntanza de todos os grupos que houbo con motivo do 25N o recordaron porque se se tivera feito todo isto xa estaría enriba da mesa e poderían colaborar ou presentar unha proposta máis actualizada pero dado que non se lles permite reunirse cos xefes de servizo ou se atrasan ditas reunións, non teñen coñecemento; solicita de novo reunión cos xefes de servizo.

A continuación a Sra. Figueroa Fuentes di que no momento en que solicitaron a reunión había xefas de servizo e de sección de vacacións pero non todas e quedaron en que contactarían coa Sra. García Gorostizu para concretar a data da reunión, engadindo que no momento en que lle chegou a petición ela lla trasladou á xefatura e que quere que quede claro que desde o goberno municipal en ningún momento se limitan ditas reunións.

VOTACIÓN

Sometida pola Presidencia a votación ordinaria a moción presentada polo Grupo municipal Partido Popular, coa emenda presentada polo Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, por unanimidade dos Sres. concelleiros e concelleiras presentes o Pleno municipal acorda:

1.- Instar ao órgano competente a dotar ao departamento de servizos sociais de, polo menos, unha traballadora social para poder reducir no ano 2024 os tempos de resposta dos dous meses actuais ao mínimo posible en función da demanda deste servizo por parte dos veciños de Culleredo.

2.- Elaborar un estudio, por parte do departamento de Servizos Sociais do Concello de Culleredo, no que se revisen os requisitos para ser beneficiario desta axuda e os importes máximos para que a resposta por parte da administración local se axuste ás necesidades reais dos veciños de Culleredo.

3.- Instar ao órgano competente a incoar expediente para a modificación do Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) do Concello de Culleredo, en función dos resultados do estudio previo, co obxectivo de que se aumente o número de persoas que se poden acoller a estas axudas, e se aumenten os importes máximos das mesmas para que se adapten á realidade social e económica actuais.

C.I.F. P-1503100-H

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE CULLEREDO RELATIVO A INSTAR AO ESTUDO TÉCNICO PARA EXECUTAR MELLORAS NA URBANIZACIÓN DA CROSS NO BURGO (REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 2023/12488, DE DATA 22/11/2023)

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal Partido Popular con rexistro de entrada n.º 2023/12488 de 22 de novembro de 2023, relativa a instar ao estudo técnico para executar melloras na urbanización da Cross no Burgo, á que dá lectura o Sr. Bouza Teijeiro:

«MOCIÓN PARA INSTAR AL ESTUDIO TÉCNICO PARA EJECUTAR MEJORAS EN LA URBANIZACIÓN DE LA CROS EN EL BURGO

El Grupo Municipal del Partido Popular en el Concello de Culleredo conforme a lo previsto en el artículo 85.5 del Reglamento Orgánico Municipal, desea elevar a Pleno Municipal la siguiente

Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Los terrenos anexos a la antigua fábrica de La Cros conforman lo que es hoy una de las urbanizaciones más modernas del Concello de Culleredo. Se sitúa en primera línea junto al paseo marítimo de la Ría del Burgo y alberga, además de un gran supermercado, una oficina central de Correos, una Notaría, una escuela infantil, academias de idiomas, dos centros de día, un centro ocupacional así como varios comercios y locales de hostelería.

Aunque hablamos de un barrio moderno, hay que puntualizar que fue construido a finales de los 90, lo que supone que ya cumple unos 25 años de vida, en los cuales, el mantenimiento y mejoras por parte del concello han sido prácticamente inexistentes. Esto implica que empiezan a aparecer deficiencias y necesidades que atendíendolas a tiempo, se pueden solucionar con un menor coste para los vecinos.

Además, la situación y locales públicos que antes mencionábamos, conllevan un gran movimiento de vehículos y gente, que necesitan zona de aparcamiento. Esto obliga a que muchos usuarios ocupen zonas no habilitadas para tal fin, con los inconvenientes que esto implica a la hora de la movilidad en la zona. Pongo como ejemplo el parking que en la zona conocen como del Trocadero, que día tras día vemos como se estaciona en las cabezas de las calles impidiendo el recorrido normal del resto de vehículos y llegando a invadir los pasos de peatones con el consiguiente agravio para las personas, en especial las de movilidad reducida.

Consultado con técnicos competentes y sin entrar en estudios pormenorizados, podemos asegurar que reordenando las plazas de aparcamiento y con poca inversión se puede aumentar en más de un 20% la capacidad del antes mencionado aparcamiento.

Otro de los puntos a abordar es el muro que delimita la zona ferroviaria, muro de la época de la antigua fábrica, que actualmente denota unas carencias importantes de estabilidad, presentando abombamientos en parte de su estructura, entrañando un grave riesgo de colapso que puede causar daños fatales a los vecinos que por allí transitan.

Mencionar también la actual pasarela peatonal de madera que cruza la vía del tren y que es usada diariamente por cientos de vecinos. Creemos importante el adoptar un plan de mantenimiento periódico y no esperar a que se rompan elementos que puedan ocasionar lesiones graves a los transeúntes.

No olvidemos la mejora de la iluminación, promoviendo sistemas más enfocados al ahorro energético. Mejora en los pavimentos tanto de calzadas, como en especial de las aceras, donde cada vez más, muchos vecinos/as sufren caídas y lesiones por estar levantadas las losetas. Revisión de los puntos de toma de agua

de incendios. Vemos como los hidrantes están sin tapas y a todas luces, faltos de revisiones periódicas. Revisar la señalización horizontal y vertical referida al tráfico, hay señales que se caen y no son repuestas, postes torcidos, etc.. Comprobar el buen funcionamiento de las fuentes públicas que ya no funciona ninguna.

Por todo ello, desde el Grupo Municipal Popular proponemos al Pleno la adopción de los siguientes

ACUERDOS:

- 1.- Instar a la elaboración, por los servicios técnicos municipales, de un estudio técnico y anteproyecto técnico para la mejora integral de la urbanización de La Cros.
- 2.- Consignación presupuestaria para la financiación de los Proyectos de obra necesarios y de su ejecución.»

DEBATE:

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O seu Grupo vai romper o ecumenismo que parece que hoxe está a presidir o Pleno porque non se pode obviar que os distintos grupos teñen distintos puntos de vista e lles dá a impresión de que o Partido Popular en vez de ver cidadáns ve bolsas de votantes e así ve á Cross, sobre a que comeza dicindo que é unha das urbanizacións máis modernas de Culleredo.

Pregunta que estará pensando hoxe a xente de Fonte da Balsa que está na sesión, ou a xente da urbanización do Xalo, da avenida da Corveira, de Boedo ou da rúa Miguesas, de que se pida atención para un plan integral para a Cross.

Están totalmente de acordo con que a pasarela que pasa por riba das vías do tren está moi mal, pero hai cousas que non son de recibo como dicir que hai que mellorar o aparcamento porque a xente aparca mal; a xente que aparca mal é unha incívica e terá que aparcar ben, ou do contrario a Policía deberá abrírlle un expediente infractor e unha sanción, se procede, pero non se pode aumentar o aparcamento por ese motivo; o espazo público que hai na zona podería destinarse a outras finalidades e pon como exemplo o parque infantil que hai na Cross é o que está á beira da ría, hoxe non moi acondicionado para levar os nenos alí.

Postos a establecer prioridades non se pode considerar que a urbanización da Cross sexa a maior e, respecto do muro perimetral da Cross iso non é cuestión de Culleredo, senón de ADIF, e o terá que facer será solicitarlle a ADIF que o arranxe porque efectivamente ten o peche oxidado.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que está de acordo coas palabras do Sr. Chouciño Garrido e tamén coas políticas de mellorar todos os lugares do Concello aínda que si hai que marcar prioridades que sempre serán as zonas máis deterioradas.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

O goberno municipal xa ten un estudo sobre a mobilidade na zona da Cross, na que as beirarrúas non son as peores do Concello aínda que si teñen o problema de contar con baldosas de botón nas que a xente tropeza máis e por iso se están a repoñer en moitos sitios con baldosa plana; podería ser obxecto dunha reforma integral pero o Concello prefire agardar a que rematen as obras na Rúa do Burgo porque non se sabe o impacto que estas poderían ter; na zona do trocadero había un estudo feito polos técnicos municipais no que colaborou a Policía Local e aí caben 65 coches sendo un 20% 12 coches máis pero se se fixera unha reforma integral habería que recalcular as prazas porque as que hai non cumpren coas medidas regulamentarias neste momento.

O goberno municipal non ten ningún problema en instar a facer un proxecto porque o teñen xa moi avanzado nin en dotalo presupostariamente pero lle gustaría que despois se apoiaran no Pleno porque no expediente de aprobación inicial do suplemento de crédito, que se aprobou grazas aos votos favorables do BNG e Alternativa dos Veciños, ían 750.000 euros para arranxos de vías e 300.000 euros para melloras de aparcamento en todo o Concello, e o Partido Popular votou en contra, polo que, cando en Culleredo se asfaltan rúas e se melloren prazas de aparcamento, se fará grazas ao BNG e a Alternativa, pero non ao Partido Popular.

A continuación fai uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu, e di que o que se solicitou foi cambiar a fonte de financiamento de crédito a remanente e que aí ían os 750.000 euros dos que fala o Sr. alcalde e o que dixo o Partido Popular foi que de sete millóns e medio de euros que se ían adicar a investimentos so se ían financiar dous millóns e medio de remanente, quería saber que obras se ían facer e cales ían quedar fora porque foi imposible concretar as partidas coa concelleira delegada tanto no seu despacho como na comisión, coa concelleira novamente no seu despacho e despois no Pleno. O Partido Popular propuxo deixar o punto sobre a Mesa e concretar que partidas se ían executar e cales non e o goberno municipal non quixo porque non lle fixo falta, obrigando a votar en contra por su caciquismo.

O Sr. alcalde-presidente di que o Partido Popular agora, en frío, se estará lamentando polo feito porque perderon a oportunidade tratándose dos investimentos dos veciños.

Deseguido a Sra. García Gorostizu lle di ao Sr. Alcalde-presidente que non ten vergonza ao falar de investimentos dos veciños cando con maioría absoluta non era quen de executar máis que o 16% e que ese é o seu balance de execución, unha porcentaxe de execución de dimisión.

O Sr. Alcalde-presidente di que a Sra. Gorostizu afirma que a porcentaxe de execución do goberno municipal con maioría absoluta foi do 16% e que agora, que o Partido Popular pode colaborar nos investimentos, votan en contra. Di que o PSdG-PSOE de Culleredo vai apoiar a moción porque lle parece interesante e hai que traballar en proxectos para que, cando haxa financiamento, se poidan facer, e porque son proxectos que non soan a novo porque xa se traballou neles e se pode chegar a acordos no futuro para facer unhas ou outras actuacións.

A continuación solicita o uso da palabra o Sr. Bouza Teijeiro e, unha vez concedido, di que en primeiro lugar lle quere contestar ao Sr. Chouciño Garrido e dicirlle que o seu Grupo está de acordo con que hai moitísimas urxencias no Concello de Culleredo e fala de prioridades porque se se deixan se tornarán en urxencias e sairán moito máis caras. Respecto do muro de ADIF di que é algo que lle estraña moito que sendo algo que ao Concello non lle vai custar nada non se teña xa instado a ADIF a que o repare porque non é só o valado onde se colocan os nenos senón que o propio muro ten abombamentos con risco de caída; dirixíndose ao Sr. Alcalde-presidente di que sacou unha nota de prensa anunciando que ía arranxar as rúas adxacentes á rúa Suárez Ferrín, na Corveira, e lle di que son da mesma época que a Cross, polo que non sabe por que a el lle tachan de reparar obras modernas cando na prensa se sacan ese tipo de noticias; respecto dos cartos di que os seus compañeiros xa falan suficiente sobre ese tema e que o Partido Popular votou en contra de darlle ao equipo de goberno un voto en branco para

que o gastase no que quixera poñendo como condición antes de votar a favor ou en contra que se dixera onde se ían investir pero non se fixo.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-presidente e di que, respecto do muro de ADIF, ese era un muro de formigón que pertencía ao valado da antiga Cross e o perimetral do aramado, cando se fixo a reconstrución da avenida Xoan Carlos I, era responsabilidade do Concello e van ver como están eses tramos por se houbera algún risco; estiveron en contacto con ADIF para ver se se podía colaborar no mantemento porque hai tramos que son da súa responsabilidade.

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do Partido Popular transcrita anteriormente, con catorce (14) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE presentes (7) e Partido Popular (7) e seis (6) abstencións, as dos representantes do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Alternativa dos Veciños (2), o Pleno municipal acorda:

- 1.- Instar á elaboración, polos servizos técnicos municipais, dun estudio técnico e anteproxecto técnico para a mellora integral da urbanización da Cros.
- 2.- Consignación presupostaria para o financiamento dos Proxectos de obra necesarios e da súa execución.

C.I.F. P-1503100-H

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR DIANTE DA SENTENZA QUE DESESTIMA O RECURSO DE APELACIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO Á SENTENZA POLAS MEDIDAS CAUTELARES APLICADAS AO FUNCIONARIO R.P.R.

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/12491 de data 22 de novembro de 2023, relativa a medidas a adoptar diante da sentenza que desestima o recurso de apelación do Concello de Culleredo á sentenza polas medidas cautelares aplicadas ao funcionario R.P.R.

«MOCIÓN SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR DIANTE DA SENTENZA QUE DESESTIMA O RECURSO DE APELACIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO Á SENTENZA POLAS MEDIDAS CAUTELARES APLICADAS AO FUNCIONARIO R.P.R.»

A sentenza da que todo Culleredo tivo coñecemento pola prensa onte mesmo, a respecto do Contencioso-Administrativo que interpuxo un funcionario contra o expediente expres ao que se lle someteu para sancionalo de emprego e soldo hai dous anos, é o ramo a unha longa traxectoria de xestión nefasta, convocatorias

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

irregulares, e anomalías gravísimas en materia de persoal no Concello de Culleredo. Todo este itinerario é decorrido cunha persoa responsable política da área de persoal que ocupou ese posto desde como mínimo o inicio do mandato anterior e que segue neste, a Sra Marta Figueroa Fuentes.

O resultado é unha administración totalmente ineficaz e a práctica totalidade dos servizos que non funcionan e para o que se pon sempre de escusa “a falta de persoal”.

Esta falta de persoal require de procesos transparentes, áxiles e eficaces que doten a administración local de un funcionariado competente e independente, pero o que se ve é que a Concelleira de Persoal está máis preocupada en ir a contracorrente destes preceptos, con convocatorias que non son áxiles como o feito de non depositar a contratación de policía locais na AGASP, con convocatorias irregulares nas que exerce de Secretario o Xefe de Gabinete, unha persoa que ten definido as características do seu posto como propias de persoal eventual, e que por tanto o inhabilita para participar en tribunais de procesos selectivos, ou aqueles procesos de chamamentos nos que estrañamente acaba ocupando un posto de interinaxe de 4 anos a persoa que ocupaba o posto 23 despois de saltar irregularmente aos anteriores na lista, ao que hai que sumar OPEs que caducan e procesos contencioso-administrativos que o Concello perde por procedementos chapuceros e con grandes eivas.

Son ineficaces por exemplo os procesos de selección de profesorado de música, que levaron a que o curso pasado o alumnado carecera da atención e formación requirida para a disciplina e que este curso empezara con quince días de atraso.

É irregular, ou máis ben ilegal, o feito de contar cunha persoa no Servizo Xurídico que está condenada en firme polo TS a 8 anos de inhabilitación.

Pero como dicía, agora pon o ramo cando sabemos que hai unha condena por ter vulnerado os dereitos fundamentais a unha defensa xusta, dun funcionario ao que se lle aplican medidas cautelares consistentes en deixalo sen emprego e soldo de inmediato a capricho da Concelleira de Persoal, sen darlle o dereito a presentar alegacións na defensa da súa versión dos feitos que motivan o expediente e que son considerados na sentenza sen fundamento, excesivos e desproporcionados.

E para máis agravio, foran vostedes advertidos pola Secretaria Municipal de que estaban actuando sen xustificación, e vulnerando os dereitos da persoa expedientada, en dúas ocasións informoulles a Secretaria Municipal naqueles momentos:

2-Las razones esgrimidas para motivar la adopción de la medida no cumplen los requisitos de idoneidad, necesidad y proporcionalidad, pues se basan en opiniones subjetivas y probabilidades apreciadas por la concejal delegada de seguridad ciudadana y personal,

Hai nestes momentos xa dúas sentenzas que son contundentes. Se na primeira instancia se afirmaba que:

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

...pese a tratarse de una medida limitativa de derechos fundamentales, no existía una prueba mínima de los hechos y de la responsabilidad del funcionario, lo que arroja sobre ese plano fáctico un halo de incertidumbre, pues la sola denuncia del que se decía agraviado se revela como motivación insuficiente para acordar la medida cautelar que restringe un derecho fundamental del actor.

Agora afirma o TSXG:

En base a todo lo anterior, **no se estima que la medida adoptada supere la exigencia derivada del juicio de proporcionalidad** porque:

1º No es susceptible de conseguir el objetivo propuesto de asegurar el normal funcionamiento del servicio público de medio ambiente, servicios y obras (juicio de idoneidad),

2º **No se ha optado por la medida menos restrictiva de derechos fundamentales** para alcanzar aquella finalidad, pues existían otras que podrían ser asimismo eficaces, como el traslado de dependencia o el teletrabajo (juicio de necesidad), y

3º **Tampoco se trata de una medida lógicamente ponderada**, pues para ello hubiera sido necesario que se hubiera realizado una ponderación de intereses en presencia, tanto públicos como los particulares de los implicados.

É dicir, que a Concelleira de Persoal, Sra Marta Figueroa actuou sen buscar o obxectivo de asegurar o normal funcionamento do servizo público, optou por medidas restrictivas dos dereitos fundamentais, e actuou sen ponderación ao feito acaecido.

O exceso cometido é concretado na cita que fai a sentenza respecto da mencionada xurisprudencia acaída a este caso:

sentencia del Tribunal Constitucional 108/1984, de 26 de noviembre, y auto TC de 3 de diciembre de 1986

una medida desproporcionada o irrazonable no sería propiamente cautelar, sino que tendría un carácter punitivo en cuanto al exceso

A Sra Figueroa adoptou medidas de carácter punitivo e non propiamente cautelares, nada menos que deixando sen salario a unha persoa á que se lle estaban asignando nese momento as responsabilidades de dous servizos de grande trascendencia como o de Urbanismo e o de Obras e Servizos.

A sentenza é demoledora. A medida foi inustificada e desproporcionada. Coa excusa de defender a uns (curiosamente a un cargo de confianza), a señora Figueroa demoniza e vulnera os dereitos doutros, e provoca coa súa decisión, inustificada e desproporcionada, un aínda maior colapso nos servizos municipais. Levamos 2 anos sen xefe do Servizo de Obras, coas responsabilidades e salario correspondente desta xefatura repartidos entre dúas persoas con reparo da intervención.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

Pero ó peor é que vostedes estaban advertidos non en unha senón en dúas ocasións pola Secretaria Municipal de que se estaban excedendo coas medidas cautelares, mesmo porpoñéndolles que poderían adoptar outras medidas non lesivas para os dereitos do traballador ao que lle suspendían o emprego e soldo.

Xogaron vostedes co pan de cada día dunha persoa saltándose os seus dereitos máis básicos á defensa e a un trámite de audiencia.

Curiosamente, cunha persoa á que vostedes someteron a unha persecución.

Unha persoa que tivo que gañar xa no seu momento nos tribunais, a Xefatura de Servizo de Obras e Servizos que anteriormente vostedes deran á única persoa que non cumpría un dos requisitos establecidos na convocatoria, o ser funcionario municipal.

Que diferenza de trato cando se trata dunha ou outra persoa. Hai que lembrarlle á Sra Figueroa que no caso de Manuel G, o Xefe de Sección ao que se lle abriu un expediente por denuncia dun particular no que quedou acreditado que exercía un traballo de dirección de obras dunha promotora súa sen ter nunca solicitado a compatibilidade e que supoñía unha infracción grave e que podería dar con el na rúa durante bastante tempo, a Sra Figueroa optou por gardar o expediente no caixón ata deixalo caducar.

Agora temos como mínimo, 2000€ de custas, 1000€ por cada unha das instancias.

Canto custou o contratar un avogado ád-hoc para a defensa da actuación da Sra Figueroa? Por qué non foron os servizos xurídicos municipais quen exerceron a defensa?

Foron condenados a pagar as costas. Deben pagalas vostedes.

Non queremos que cometan o erro, o exceso e o abuso de acudir ao TS que é xa a única instancia que lles queda.

A Sra Figueroa non pode seguir no exercicio de responsabilidades políticas no Concello de Culleredo para o que queda de mandato municipal.

É por todo o anterior, que propoñemos ao Pleno da Corporación:

1. Que a Sra Figueroa asuma do seu peto os custos do avogado contratado para representar ao Concello de Culleredo no Contencioso-administrativo que da lugar á sentenza, así como os custos das costas das condenas das dúas sentenzas.
2. Que o Concello de Culleredo non recorra a sentenza comunicando de inmediato á Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG a renuncia a recorrer ante o Supremo e pase readmitir inmediatamente ao Funcionario R.P.R. e restituílo no seu posto de Xefe de Servizo de Obras e Medio Ambiente.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

3. Que declaremos a reprobación da Sra Figueroa e que abandone a súa responsabilidade da área que ocupa así como que abandone a acta de Concelleira.”

DEBATE

O Sr. Secretario municipal solicita o uso da palabra e indica que, na liña das mocións anteriores, os puntos número 1 e 2 da moción non son de competencia plenaria polo que se propón que se transformen nun rogo ou que se reformule a moción instando ao órgano competente a asumir (.../...) previa tramitación do expediente administrativo oportuno.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que respecto do primeiro punto, que di “1. Que a Sra Figueroa asuma do seu peto os custos do avogado contratado para representar ao Concello de Culleredo no Contencioso-administrativo que da lugar á sentenza, así como os custos das costas das condenas das dúas sentenzas.”, o Secretario municipal accidental lles dixo que o que procedería sería abrir un expediente de responsabilidade patrimonial polo que isto é o que o BNG propón como texto alternativo; di que o puxeron así porque consideran que os custos están moi determinados e a concelleira responsable tamén pero non hai ningún problema en recoller que se incoe un expediente de responsabilidade patrimonial. Di que entenden que incoar un expediente de responsabilidades é de competencia plenaria.

Respecto do punto número 2 que di “2. Que o Concello de Culleredo non recorra a sentenza comunicando de inmediato á Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG a renuncia a recorrer ante o Supremo e pase readmitir inmediatamente ao Funcionario R.P.R. e restituílo no seu posto de Xefe de Servizo de Obras e Medio Ambiente.” di que as competencias para as iniciativas xudiciais son plenarias e le o seguinte texto recollido no artigo 41 do ROF: “O Alcalde preside a Corporación e ostenta as seguintes atribucións: (.../...) f) Premiar y sancionar a todo el personal de la Corporación, salvo que la sanción consista en la separación del servicio o el despido del personal laboral (.../...)”. A competencia non era do alcalde e polo tanto tampouco era delegable na concelleira de Persoal; era competencia do Pleno e non se levou ao Pleno, separando a un funcionario do servizo sen levalo ao Pleno.

Di que o particular recorre contra o Concello un acto administrativo e, cando perden en Primeira Instancia, o Concello, o goberno municipal, acode ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non tendo en conta o artigo 50 do ROF que no seu punto 17 di que lle corresponde ao Pleno “O exercicio das accións administrativas e xudiciais e a defensa nos procedementos incoados contra o Concello” polo que si é competencia plenaria decidir se se acode ao Supremo para recorrer a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Solicita intervir o Sr. Secretario municipal e di que, respecto do punto número 1, a día de hoxe non está perfectamente regulado e non está claro se a competencia é do Pleno ou do Alcalde, pero a advertencia de legalidade que está a facer non é soamente sobre se é o Pleno ou o alcalde o competente senón que é necesario un expediente administrativo cuns informes xurídicos de funcionarios que dean respaldo ao expediente que se queira iniciar que neste caso sería un expediente de responsabilidade patrimonial contra unha autoridade, algo que está regulado no artigo 36 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e exige unha serie de requisitos para que se poida incoar ese expediente e a día de hoxe non se cumpren ditos requisitos para inicialo porque ten que haber un dano e un prexuízo a un terceiro, tense que ter indemnizado a dito particular mediante unha resolución administrativa ou patrimonial polo dano cometido e, caso de darse eses supostos, que a Administración exerza a vía de regreso contra las autoridades o funcionarios que deran lugar a ese dano, debéndose acreditar tamén no curso do expediente que houbo dolo, dano ou negligencia grave por parte dese funcionario ou desa Autoridade. Di que os requisitos previos que exige a Lei necesarios para incoar ese expediente non se dan neste momento e por iso informa que non se pode abrir.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que non se trouxo ao Pleno a decisión de levar o recurso ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que entende que o Regulamento desenvolve a Lei, estando neste momento en prazo de recorrer ante o Supremo ou non; di que se ten que retirar eses puntos, o que vai facer o BNG é pedir ao goberno municipal que traian ao Pleno a decisión de recorrer ou non a sentenza ante o Tribunal Supremo antes de que remate o prazo e recordarlle ao equipo de goberno que non volva incorrer no mesmo.

Di que vai proceder coa lectura da moción que presenta unha vez emendada segundo as indicacións do Sr. Secretario municipal, engadindo que se retiran os puntos 1 e 2 polo que a proposta de acordo queda como segue:

“(…/…) propoñemos ao Pleno da Corporación:

Que declaremos a reprobación da Sra Figueroa e que abandone a súa responsabilidade da área que ocupa así como que abandone a acta de Concelleira.”

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di o seguinte:

Tiveron acceso ao expediente completo e puideron constatar que o procedemento relativo ao expediente disciplinario está pendente de xuízo. A colación do expediente administrativo disciplinario xurdiron varios expedientes xudiciais, un deles de dereitos fundamentais que non prosperou a favor do traballador, o relativo á medida cautelar que deu a razón ao traballador e un terceiro que está pendente de xuízo. Aproveitan este momento para dicir que o xuízo foi suspendido dúas veces xa que non se remitiu por parte do Concello de maneira correcta o expediente administrativo, aproveitando este momento para pedir que se dilixencie o solicitado polo Xulgado coa maior urxencia para que se poida celebrar o xuízo e ter a correspondente sentenza. Consideran, dada a prudencia que é necesario adoptar ao estar un procedemento xudicial en curso, que se debe esperar a coñecer cal é o resultado do referido procedemento e en base a iso volver a tratar este punto e depurar as responsabilidades que se consideren pertinentes.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di o seguinte:

O BNG trae ao Pleno unha proposta de reprobación da concelleira de Persoal.

Os veciños de Culleredo deben coñecer a realidade do Concello en materia de política de persoal.

Non só son as negligentes medidas cautelares que se toman contra un funcionario do Concello, tómanse contra o xefe de servizo de Obras e contra o arquitecto municipal. Unha suspensión excesiva e desproporcionada, de emprego e soldo, que deixa ao departamento de Urbanismo e ao departamento de Obras e Servizos totalmente bloqueados e coa que aínda se seguen pagando as consecuencias.

Os veciños de Culleredo son os afectados por estas decisións negligentes dos políticos que gobernan Culleredo. Decisións negligentes que para o Partido Popular son motivo de reprobación desta concelleira de Persoal que leva xa anos desenvolvendo estas funcións.

A concelleira de Persoal, coa súa medida inxustificada e desproporcionada neste caso pola suspensión de emprego e soldo do xefe de servizo de Obras e arquitecto municipal colapsou dous servizos municipais claves para o normal funcionamento dun concello.

Temos veciños afectados agardando por licenzas máis de dous anos. Veciños que viron truncada a súa oportunidade de facerse unha casa en Culleredo ou empresas que levan anos

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

agardando pola súa licenza pola nefasta política de persoal levada a cabo polo alcalde e a súa concelleira.

Pero o problema non é unicamente a sentenza á que fai mención o BNG para pedir a reprobación da concelleira de persoal. Tal e como expuxo o voceiro Sr. Chouciño Garrido hai un trato desigual cara aos traballadores do Concello por parte do goberno municipal e pon como exemplo que, fronte á suspensión inmediata de emprego e soldo deste traballador, mantense no seu posto a outra traballadora condenada en firme polo Tribunal Superior a oito anos de inhabilitación, dilatando a execución da sentenza ao pedir unha aclaración ao Supremo.

Pero hai máis. Hai outras sentenzas igual ou máis graves relacionadas coas condicións laborais do Concello. E tamén é importante que se fale delas, poñendo como exemplo a 206/2023, na que se nega a unha traballadora do Concello de Culleredo a conciliación da vida persoal coa laboral. Tal e como se pode escoitar. O goberno progresista negoulle a unha traballadora do Concello con dous fillos menores de doce e tres anos e cun pai dependente a elección do horario reducido dentro da súa xornada laboral o que a obrigou a pedir unha excedencia e ser un dos motivos polo que o curso pasado os alumnos do conservatorio estiveron sen profesora de piano. A sentenza é demoledora: o Concello de Culleredo vulnerou o dereito fundamental da denunciante á conciliación da vida persoal, familiar e laboral e no fallo da sentenza se lle condena ao Concello de Culleredo a aboar á denunciante a contía de 6.251 euros en concepto de indemnización polos danos morais causados a causa da violación do seu dereito fundamental da conciliación da vida persoal e laboral.

Tamén hai que mencionar a incapacidade da concelleira citada e do alcalde de chegar a acordos cos traballadores e sindicatos do Concello para aprobar a RPT. O Concello ten unha RPT recorrida polos sindicatos e ten unha proposta que se retirou a última hora do pleno de setembro porque non chegaran a acordo para a sinatura das actas das mesas de negociación.

É tal o clima laboral que se respira no Concello que hai un 25% da xente de baixa laboral, moitos deles por ansiedade e estrés seguramente ocasionado polas condicións laborais nas que teñen que vir traballar.

Se se fai unha revisión do persoal asignado a determinados departamentos pódese amosar unha fotografía bastante real da situación que se vive en Culleredo:

- Hai un departamento de Economía e Facenda colapsado, cun Xefe de servizo que leva economía, facenda, contratación, patrimonio e sede electrónica. Cunha praza de técnico de administración que está vacante, cunha xefa de negociado que se xubila en seis meses, cun xefe de negociado que se xubilou e non se cubriu a praza, cunha administrativa de baixa que non se cubriu. Pregunta como van saír os pregos de contratación dos servizos que están caducados coa falta de persoal que hai e engade que é entendible que se estean pagando todos os anos máis de oito millóns de euros con facturas reparadas por intervención porque non cumpren requisitos de legalidade.

Víronse na moción presentada por Alternativa dos Veciños os problemas da sede electrónica e da páxina web; a técnica de xestión informática está de baixa; as prazas de técnico de sistemas e o auxiliar de informática sen dotar; actualmente está a levar o servizo un técnico auxiliar de informática. Pregunta se de verdade o goberno municipal cre que poden funcionar así as cousas.

- O departamento de Intervención está igual e en todos os informes que emite a interventora se fai mención á falta de recursos persoais do departamento.

- En Asesoría Xurídica, a xefa de asesoría xurídica está de baixa e está sen cubrir, hai unha asesora xurídica de baixa tamén sen cubrir, outra praza de asesor xurídico sen dotar, sendo

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

levado o departamento neste momento por un asesor xurídico con praza de laboral e un auxiliar administrativo en comisión de servizo.

- Na área de Cultura, Deportes e Educación está a praza de xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá que se xubilou e non se cubriu, ao igual que a técnica de Cultura. A de técnico de Deportes sen dotación presupostaria e unha de administrativo eliminada. A de auxiliar de biblioteca sen dotación polo que é un dos motivos dos horarios reducidos das bibliotecas do Concello.

- En Radio Culleredo máis do mesmo pois hai un coordinador e un locutor pero o outro locutor que se xubilou non se cubriu e o técnico de son está facendo funcións de auxiliar administrativo en Persoal.

- No Conservatorio, tras pasar o curso pasado con problemas, baixas e ausencias sen cubrir de distintos profesores, iniciase este curso de igual forma.

- En Medio Ambiente, Servizos e Obras, o xefe de servizo xubilado e a súa praza sen cubrir; a de enxeñeiro industrial vacante, o xefe de sección e encargado de obras xubiláronse e están as dúas prazas sen cubrir; hai un administrativo e dous auxiliares administrativos sen cubrir e dous oficiais especialistas tamén xubilados e tamén sin cubrir. Pide explicacións de por que agora hai persoal eventual exercendo funcións de funcionario e pregunta que fai persoal de confianza nese departamento.

- En Secretaría a técnica de administración xubilouse fai anos e a súa praza non se cubriu; estiveron as dúas auxiliares de baixa sin cubrir e estes meses estivo unicamente o secretario no departamento.

- En Urbanismo as prazas de xefe de servizo e arquitecto técnico tamén están sen cubrir e hai un administrativo que leva dezaoto meses de baixa e tamén sen cubrir. A dotación dese servizo é tan pobre que os técnicos non son capaces de coñecer o tempo de espera que pode ter unha licenza, nin o número de licenzas que hai pendentes. É tan escandalosa a pobre dotación dese departamento que na liquidación do orzamento de ingresos, da previsión de licenzas concedidas, hai un erro do 70%, é dicir, que se recadou por ICIO a cantidade de 520.000 euros fronte ao 1.800.000 euros que se prevía recadar.

- En Seguridade Cidadá e Emerxencias pasa o mesmo pois o posto de inspector está vacante e hai catro prazas de policía que se xubilaron e non se cubriron, outros catro en segunda actividade, cinco vacantes pendentes de oposición, outro que se foi á Coruña e non se cubriu e outro policía que pasou a comisión de xefe de policía; hai dúas baixas sen cubrir e un auxiliar administrativo sin cubrir; actualmente hai dezaoto policías e moitos deles dobrando xornadas e facendo máis de 300 horas anuais como horas extra.

- En Emerxencias e Protección Civil tanto o xefe de Emerxencias como tres auxiliares están sen dotación, hai outra vacante sin cubrir e unha baixa sin cubrir e dúas pendentes de funcionarizar. O que hai neste momento como persoal son dúas auxiliares de emerxencias.

Diríxese á Sra. Marta Figueroa e lle di que o que vén de ler é o balance da súa xestión e, dirixíndose ao Sr. Alcalde, lle di que ese é o resultado da súa política de Persoal. Di que se tiveran un mínimo de dignidade, collerían as súas cousas e se irían para a súa casa.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di o seguinte:

A sentenza que se menciona é parte dun proceso único, un procedemento xudicializado no que hai outras sentenzas, algunhas aínda pendentes, polo que non vai profundizar máis.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Con respecto á reprobación que se solicita di que os membros da Corporación teñen dereito a facer a reprobación que propoñen pero quere aclarar que a sentenza é sobre a medida cautelar e non resolve o expediente disciplinario polo que non procede a reincorporación que pedía o BNG; que non se falou da vulneración de dereitos fundamentais que foi o que amparou que se vira excesiva esa medida cautelar; hai unha sentenza posterior na que o Ministerio fiscal informou o seguinte: “El Ministerio Público en conclusiones considera que no debe de estimarse la demanda puesto que no aprecia vulneración del principio de presunción de inocencia ni tampoco irregularidades en la tramitación del expediente. El incidente se produjo, la propuesta de resolución está motivada, expone los hechos y valora las pruebas practicadas, aplicando normas jurídicas. Se motivaron las razones por las que se denegó la prueba propuesta por el actor, basándose en la falta de relevancia. Se señala que no está previsto que en la toma de manifestaciones tenga que estar presente la representación procesal de la parte actora. No se constata la denegación de acceso al expediente. Para el Ministerio Público tampoco se ha probado vulneración del artículo 14 de la Constitución ni del artículo 25 del mismo texto fundamental. Todo ello, sin perjuicio de que la parte actora pueda impugnar las sanciones impuestas por razones de legalidad.”

Di que con todo isto o que quere dicir, para que a xente a entenda, é que si é verdade que a medida cautelar perdeuse pois a gañou o demandante, pero hai outra sentenza posterior sobre vulneración de dereitos fundamentais que é na que se baseou a anterior para determinar como excesiva a medida cautelar, na que confirman que non se vulnerou ningún dereito fundamental e que o procedemento se levou ben; a sentenza sobre a medida cautelar forma parte dun procedemento que está sen resolver e no momento en que quede todo resolto ditará unha sentenza que o goberno municipal acatará.

Dille á Sra. García Gorostizu que o que ela relatou podería ser un monográfico para outro Pleno e que ela non ten ningún inconveniente en ir vendo punto por punto cando queira.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que de todo o que vén de dicir a Sra. Figueroa Fuentes, ela está de acordo só nunha cousa, en que o preito pola medida cautelar perdeuse, e di que se perdeu por todas as cuestións que el leu e que son gravísimas, estando nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; pregunta como pode a Sra. Figueroa relativizar que vulnerou os dereitos dunha persoa á que mandou á rúa de forma caprichosa; di que recorda o día da toma de posesión como todos os concelleiros e concelleiras do equipo de goberno puxeron a man enriba da Constitución e xuraron ou prometeron cumprir e facer cumprir a Lei e lles pregunta se, con todo o que el vén de ler, consideran que de verdade a cumpren e a fan cumprir, dicíndolle que non, que non a cumpren e que prefire non especular e non saber a que se debe unha saña de tal calibre porque a primeira acción que se fixo foi unha total aberración e que puidera ser que con posterioridade apareceran cousas como que escribiu un informe manuscrito e non co ordenador, ou que a gravación estivera nunha gravadora non homologada, pero o que se vén de expoñer neste punto é brutal, un ensañamento por parte da concelleira Sra. Figueroa Fuentes que merece unha reprobación xa que non presenta a dimisión que é o que debera ter feito xa; di que el non sabía da existencia dun escrito do servizo de Asesoría Xurídica do Concello no que aconsella non acudir ante o Supremo pero que é o lóxico dado que xa se perdeu en Primeira Instancia e no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sentenzas tan contundentes como as que din que se vulneraron dereitos fundamentais a defenderse. Di que ademais de vulnerar dereitos fundamentais o fixeron cun agravio comparativo brutal pois o goberno municipal tivo o expediente dunha persoa do Concello gardado no caixón durante máis de dous anos.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que por moito que se repita que se vulneraron dereitos fundamentais hai que ter en conta que hai unha sentenza que di que non se

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

vulneraron dereitos fundamentais e que hai que respectar o procedemento xudicial, agardar ao final do procedemento e acatar o que de aí derive.

O Sr. Alcalde-presidente fai uso da palabra e di que considera que este punto está suficientemente debatido e que o seu Grupo non vai facer ningunha valoración máis, agardando a que remate o procedemento xudicial, momento en que cada un adoptará as medidas que considere convenientes. Di que hai algo que se chama a taxa de reposición que en moitas ocasións dificulta a contratación de persoal tanto no Concello de Culleredo como noutras administracións e que non se debe sesgar a información de forma intencionada, aclarando que, independentemente do resultado da votación neste punto, a concelleira Sra. Figueroa Fuentes goza da súa máxima confianza e en ningún momento vai ser cesada do seu posto.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que despois do que vén de dicir o Sr. Alcalde, para o seu Grupo o seu destino político queda ligado ao da Sra. Figueroa Fuentes; que ela exerce as competencias por delegación do Sr. Alcalde e en todo o seu período de exercicio de competencias fixo todo tipo de cousas co coñecemento do Sr. Alcalde; di que recorda o que dicía a sentenza e le o seguinte: “Pese a tratarse de una medida limitativa de derechos fundamentales, no existía una prueba mínima de los hechos y de la responsabilidad del funcionario, lo que arroja sobre este plano fáctico un halo de incertidumbre pues la sola denuncia del que se decía agraviado se rebela como una motivación insuficiente para acordar la medida cautelar que restringe un derecho fundamental del actor.”; di que o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia afirma o seguinte: “En base a todo o anterior no se estima que la medida adoptada supere la exigencia derivada del juicio de proporcionalidad porque no es susceptible de conseguir el objetivo propuesto de asegurar el normal funcionamiento del servicio público de Medioambiente, Servicios y Obras, juicio de idoneidad, no se ha adoptado la medida menos restrictiva de derechos fundamentales para alcanzar aquella finalidad, pues existían otras, y tampoco se trata de una medida lógicamente ponderada (.../...)” Di que remata coa cita que remite ao Tribunal Constitucional que di que unha medida desproporcionada o irrazonable non sería propiamente cautelar senón que tería un carácter punitivo en canto ao exceso; dille á Sra. Figueroa Fuentes que ela adoptou medidas de carácter punitivo e non meramente cautelares nada menos que deixando sen salario a unha persoa á que o goberno municipal lle tiña asignadas as responsabilidades de dous servizos, o de Urbanismo e o de Obras, nos que se comezaba a ver a luz e quizais por iso lles fastidiou.

C.I.F. P-1503100-H

VOTACIÓN

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a moción do Grupo municipal do BNG transcrita anteriormente, con once (11) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (4) e Partido Popular (7); sete (7) votos en contra, os dos representantes do grupo municipal do PSdG-PSOE presentes; e dúas (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal Alternativa dos Veciños (2), o Pleno municipal acorda:

Declarar a reprobación da Sra Figueroa e solicitar que abandone a súa responsabilidade da área que ocupa así como que abandone a acta de Concelleira.

9.- CONTROL E SEGUIMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

9.1.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA TESOURERÍA MUNICIPAL REFERIDO A “INFORME MOROSIDADE E PERIODO MEDIO PAGO NO 1º TRIMESTRE 2023” (DOC. UIT17I00NG).

A Presidencia dá conta do informe de morosidade e período medio de pago no primeiro trimestre de 2023, presentado pola señora tesoureira municipal en data 27 de abril de 2023 (código de documento UIT17I00NG).

9.2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL REFERIDO A “INFORME RESUMEN CONTROL INTERNO DO CONCELLO DE CULLEREDO. EXERCICIO 2022” (DOC. UIT17I00O6).

A Presidencia dá conta do informe resume do control interno do Concello de Culleredo, exercicio 2022, presentado pola señora interventora municipal en data 30 de abril de 2023 (código de documento UIT17I00O6).

9.3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA TESOURERÍA MUNICIPAL REFERIDO A “INFORME MOROSIDADE E PMP NO 2º TRIMESTRE 2023” (DOC. UIT17I0185).

A Presidencia dá conta do informe de morosidade e período medio de pago no segundo trimestre de 2023, presentado pola señora tesoureira municipal en data 28 de xullo de 2023 (código de documento UIT17I0185).

9.4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL REFERIDO A “CONTROL DA CONTA 413 «ACREDORES POR OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO»” (DOC. UIT17I01T4).

A Presidencia dá conta do informe referido a control da conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”, presentado pola señora interventora municipal en data 15 de novembro de 2023 (código de documento UIT17I01T4).

9.5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL REFERIDO A “INFORME ANUAL DE AUDITORÍA DO REXISTRO CONTABLE DO CONCELLO DE CULLEREDO DAS FACTURAS. ANO 2022” (DOC. UIT17I0081).

A Presidencia dá conta do informe anual de auditoría do rexistro contable do Concello de Culleredo das facturas, ano 2022, presentado pola señora

interventora municipal en data 15 de novembro de 2023 (código de documento UIT17I0081).

9.6.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL REFERIDO A “INFORME ANUAL DE CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE. ANO 2022” (DOC. UIT17I01M2).

A Presidencia dá conta do informe anual de cumprimento da normativa en materia de morosidade, ano 2022, presentado pola señora interventora municipal en data 21 de novembro de 2023 (código de documento UIT17I01M2).

9.7.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS A ACEPTACIÓNS DEDICACIÓNS PARCIAIS, NOMEAMENTOS E CESES PERSOAL EVENTUAL.

A Presidencia dá conta aos asistentes das resolucións da Alcaldía relativas a aceptación das dedicacións parciais, nomeamentos e ceses de persoal eventual, segundo o seguinte detalle:

C.I.F. P-1503100-H

9.7.1.- Resolución número 1817, de data 02/10/2023, sobre atribución da dedicación parcial (50%) a dona Beatriz Pérez Mosquera (Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo).

9.7.2.- Resolución número 1818, de data 02/10/2023, sobre atribución da dedicación parcial (50%) a don Gonzalo Méndez Mosqueira (Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo).

9.7.3.- Resolución número 1753, de data 27/09/2023, sobre nomeamento de persoal eventual do grupo municipal do Partido Popular, cuxa parte resolutive se transcribe anonimizada:

*«Nomear a dona P.T.V. con DNI núm. ***0975**, persoal eventual para ocupar un dos postos de persoal eventual do grupo municipal do partido popular, con dedicación exclusiva e coas retribucións correspondentes ao grupo C1 (836,41€), nivel de complemento de destino 20 (510,79€) e cun complemento específico anual de 105 puntos (617,36€), con cargo a aplicación orzamentaria 920.11000 (retribucións) e 920.16000 (cota empresarial seguridade social).»*

9.7.4.- Resolución número 2202, de data 15/11/2023, sobre cesamento voluntario de persoal eventual do grupo municipal do Partido Popular, cuxa parte resolutive se transcribe anonimizada:

«Dispoñer o cesamento, con efectos de finalización da xornada do día 13 de novembro de 2023, da empregada P.T.V. por petición propia.»

9.8.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da alcaldía e concellerías delegadas ditadas, desde a última sesión plenaria ordinaria, que corresponden ás Resolucións con números e datas seguintes: **1701/2023**, do 21 de setembro de 2023, á **2255/2023**, do 21 de novembro de 2023, todas elas incluídas, e que son as seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
1701/2023	21/09/23	Resolución levantamento reparo e aprobación certificacións 1 a 8 do proxecto "PARQUE INFANTIL NA ÁREA DE LECER DA CORVEIRA, CULLEREDO"	UME17I033M
1702/2023	21/09/23	Resolución aprobación de facturas REC Alcaldía	UIT17I01GN
1703/2023	21/09/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/224 Reparación Formación	UIT17I01GK
1704/2023	21/09/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/225 Reparación Deportes	UIT17I01GO
1705/2023	21/09/23	Resolución ordeando o pago dos custos sociais do persoal colaborador en base ao Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Pontedeume e o Concello de Culleredo en materia de persoal	UIT17I01GI
1706/2023	21/09/23	Convocatoria sesión ordinaria Xunta de Goberno Local 25/09/2023	USG17I04WM

1707/2023	21/09/23	Avocación competencias concelleira delegada Área de Participación Cidadá e Deportes D. ^a Cristina Pardo Portos por ausencia do 28 de setembro ao 9 de outubro de 2023, ambos os dous incluídos	USG17104WJ
1708/2023	21/09/23	Resolución concesión tarxeta de estacionamento a D.C.B.P	UBS171032B
1709/2023	21/09/23	Resolución corrección erros da resolución número 1701 de data 21/09/2023 da obra "Parque infantil na área de lecer de A Corveira"	UME171034D
1710/2023	21/09/23	Resolución pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 188 a M.C.C.A	UME171034K
1711/2023	21/09/23	Xeración de crédito pola axuda Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 para a execución do proxecto Arranxo dun viario municipal no núcleo de Fornos.	UEH171007E
1712/2023	21/09/23	Resolución denegación PEEIS (R.E.M.C)	UBS1710312
1713/2023	21/09/23	Resolución concesión de pago PEEIS (O.E.D.L.P)	UBS171032J
1714/2023	21/09/23	Resolución concesión de pago PEEIS (N.P.P)	UBS171032G
1715/2023	21/09/23	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno municipal de data 26.09.2023	USG17104OQ
1716/2023	21/09/23	Decreto Sancións Tráfico RR 1441/2023 (desestimación recurso)	USC17100RF
1717/2023	22/09/23	Resolución aprobación certificación núm. 1 (única) do subministro "SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E RENOVACIÓN CÉSPEDE CAMPO DE FÚTBOL DA LAVANDEIRA O BURGO"	UME171034Q

C.I.F. P-1503100-H

1718/2023	22/09/23	Resolución denegación PEEIS (Y.I.Q.L)	UBS17I032W
1719/2023	22/09/23	Resolución concesión do Servizo Municipal de Axuda no Fogar a J.C.S, incorporación á lista de agarda do Servizo de Xantar na casa a J.C.S e M.L.P.C e concesión do servizo de teleasistencia domiciliaria a J.C.S.	UBS17I031D
1720/2023	22/09/23	Resolución concesión do servizo de Teleasistencia domiciliaria e servizo municipal de Axuda a domicilio G.R.R.	UBS17I033G
1721/2023	22/09/23	Resolución concesión do servizo municipal de axuda no fogar e teleasistencia domiciliaria de H.D.S.P	UBS17I0334
1722/2023	22/09/23	Abono de xuros conforme ao fallo da sentenza do procedemento abreviado número 270/2022, interposto fronte á desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por F.G.P fronte ao Concello de Culleredo	UAJ17I00T5
1723/2023	22/09/23	Resolución levantamento de reparo e estimación reclamación responsabilidade patrimonial formulada por L.I.R.	UAJ17I00T6
1724/2023	25/09/23	Resolución denegación tarxeta de estacionamento a M.C.G.A	UBS17I033T
1725/2023	25/09/23	Adhesión ao acordo marco da Central de Contratación del Estado núm. AM 01/2019 para o subministro de mobiliario de despacho e complementario, de arquivo, de bibliotecas, mamparas, clínico e xeriátrico, e de laboratorio.	UCP17I00RM
1726/2023	25/09/23	Decreto Sancións Tráfico (DR 99500000029755) (Expediente 10592/2023)	USC17I00RG
1727/2023	25/09/23	Resolución concesión tarxeta de estacionamento a V.F.F.	UBS17I032H

C.I.F. P-1503100-H

1728/2023	25/09/23	Bonificación na taxa por consumo de auga para familias numerosas SMV	URE17I01BW
1729/2023	25/09/23	Denegación bonificación na taxa por consumo de auga para as familias numerosas LMAP	URE17I017T
1730/2023	25/09/23	Denegación bonificación na taxa por consumo de auga por familia numerosa por non ser titular do contrato MELG	URE17I01BZ
1731/2023	25/09/23	Bonificación na taxa por consumo de auga para as familias numerosas RMTC	URE17I01C8
1732/2023	25/09/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/232 Medio Ambiente	UIT17I01GV
1733/2023	25/09/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/231 Reparación Alcaldía	UIT17I01H5
1734/2023	25/09/23	Autorización de acceso a J.A.M.S ó listado de denuncias ó Pub Birras dende a incoación do expediente sancionador. Concesión.	UAL17I00GA
1735/2023	25/09/23	Baixa por incompatibilidade de servizos axuda a domicilio D.V.R.	UBS17I034L
1736/2023	25/09/23	Delegación na primeira tenente de alcalde da presidencia da Xunta de Goberno Local do 25/09/2023	USG17I0510
1737/2023	25/09/23	Resolución cambio titularidade da licenza m. de pasaxe permanente núm. 179, a favor de VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U	UME17I035E
1738/2023	26/09/23	Resolución aprobación de factura relación F/2023/236 ENDESA ENERGÍA, SAU	UIT17I01H3
1739/2023	26/09/23	Resolución aprobación proxecto "Centro social en Los Olivos -Vallesur, Orro" do 14/11/2022	UME17I035W

1740/2023	26/09/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/233 Consorcio As Mariñas (1º y 2º trimestre 2023)	UIT17I01HL
2133/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación C.A	URP17I0NHF
2134/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación C,A,C	URP17I0NHG
2135/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación A.C,A.M	URP17I0NHH
2136/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación M,F.A	URP17I0NHI
2137/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación P,D	URP17I0NHJ
2138/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación B,M	URP17I0NHK
2139/2023	08/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/293 Comunidade Propietarios Parque Empresarial Alvedro	UIT17I01RI
2140/2023	08/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación L.U,B	URP17I0NHL
2141/2023	08/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/292	UIT17I01RJ
2142/2023	08/11/23	Resolución concesión PEEIS (L.C.C.R)	UBS17I03TR
2143/2023	08/11/23	Resolución autorización de pago PEEIS (M.I.M.P)	UBS17I03TW
2144/2023	08/11/23	Resolución denegación PEEIS (M.J.S.T)	UBS17I03RS

2145/2023	08/11/23	Resolución corrección erro importe fianza	UAU17I02A3
2146/2023	09/11/23	R Indemnización desempeño accidental tesouraría (do 4 ao 22/09/2023)	UPO17I02GB
2147/2023	09/11/23	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13-11-2023	USG17I05RC
2148/2023	09/11/23	Resolución concesión ampliación xantar na casa de S.V.G.	UBS17I03UE
2149/2023	09/11/23	Resolución aceptación do desestimento da solicitude do Servizo municipal de Axuda no fogar e Teleasistencia domiciliaria de S.V.G e declarar finalizado o procedemento por mor do falecemento de E.C.R.	UBS17I03UW
2150/2023	09/11/23	Resolución concesión PEEIS (R.D.C.G.M)	UBS17I03WR
2151/2023	09/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/183 Reparación Alcaldía	UIT17I01RS
2152/2023	09/11/23	Resolución inicio expediente Baixa de oficio por non confirmación T.G	URP17I0NH2
2153/2023	09/11/23	Expediente Baixa de oficio F.V.P marzo 2023	URP17I0NM7
2154/2023	09/11/23	Expediente Baixa de oficio A.V.R.M marzo 2023	URP17I0NM8
2155/2023	09/11/23	Expediente Baixa de oficio M.D.J.P marzo 2023	URP17I0NM9
2156/2023	09/11/23	Expediente Baixa de oficio F.V.P marzo 2023	URP17I0NMA
2157/2023	09/11/23	Expediente Baixa de oficio G.R.A marzo 2023	URP17I0NMC
2158/2023	09/11/23	Expediente Baixa de oficio G.V,M.T marzo 2023	URP17I0NME

2159/2023	10/11/23	Xustificación subvención Xunta: Ler conta moito	UCU17I00DQ
2160/2023	10/11/23	Solicitud subvención Deputación da Coruña. Mantemento posto de traballo da técnica municipal en animación sociocultural para o ano 2024	UCU17I00DS
2161/2023	10/11/23	Resolución licenza pasaxe permanente núm. 446 en Celas de Peiro, 10, referencia catastral 8290413NH4888N0001RK	UME17I03SB
2162/2023	10/11/23	Resolución concesión licenza m para pasaxe permanente núm. 447, en Celas de Peiro, núm 10, referencia catastral 8290414NH4888N0001DK	UME17I03SD
2163/2023	10/11/23	Resolución establecemento dunha praza de aparcadoiro para persoas con discapacidade, na R/ Pascual Veiga, núm.1	UME17I03SE
2164/2023	10/11/23	Aprobación de expediente de licitación do contrato: Deseño, produción e aluguer de 10 carrozas e outros recursos materiais e humanos para as cabalgatas de reis do ano 2024. Levantamento de reparo.	UCP17I00YD
2165/2023	10/11/23	Levantamento de reparo e contratación profesora fruta PPB.	UPO17I02GJ
2166/2023	10/11/23	Resolución concesión días de asuntos propios e vacacións de J.S.L.O	UPO17I02G3
2167/2023	10/11/23	Resolución concesión provisional da tarxeta de estacionamento a P.R.F	UBS17I03VG
2168/2023	10/11/23	Resolución concesión renovación tarxeta estacionamento de D.L.V	UBS17I03XP
2169/2023	10/11/23	R Asistencias concelleiros mes de agosto 2023	UPO17I02H1

2170/2023	10/11/23	Solicitud de acceso da Concelleira do PP, D ^a Izaskun García Gorostizu ós expedientes UME/2023/485 e UAU/2023/222: Concesión	UAL17I00ML
2171/2023	10/11/23	RESOLUCIÓN XERACIÓN DE CRÉDITO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CULLEREDO ACTIVO II"	UFE17I00XA
2172/2023	10/11/23	Resolución xeración de crédito complementario da subvención para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022. Expte TR353A 15/0024/2022. Código proxecto: 2022/3/24133/1	UFE17I00U2
2173/2023	10/11/23	Resolución aprobación das certificacións núm. 3, núm. 4 e núm. 5 da obra "Mellora da intersección da antiga N-550 coa Rúa Alcalde Domingo Sierra (VP-130) coa r/Xafonte (VP-132), coa r/Calzada (VP-129) e coa r/ Vicente Risco (VP-128)	UME17I03T2
2174/2023	13/11/23	Resolución autorización de uso de dominio público local para obra de liña subterránea de Baixa tensión para vivenda unifamiliar en Rúa Francisco Fernández Riego núm. 17	UME17I03T5
2175/2023	13/11/23	Resolución baixa licenza municipal pasaxe permanente núm. 438	UME17I03TI
2176/2023	13/11/23	R Recoñecemento de trienios por servizos prestados na administración pública (M.D.C.T.)	UPO17I02HA
2177/2023	13/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/290 Reparación Policía	UIT17I01SB
2178/2023	13/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/294 Reparación Protección Civil	UIT17I01SC
2179/2023	13/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/295 Reparación Voluntarios Protección Civil	UIT17I01SD

C.I.F. P-1503100-H

2180/2023	13/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/298 Reparación Medio Ambiente	UIT17101SE
2181/2023	13/11/23	Resolución denegación reducción de factura por consumo excesivo de auga (volumen desproporcionado por avería) AFP	URE17101FZ
2182/2023	13/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/289 Reparación Medio Ambiente	UIT17101SF
2183/2023	13/11/23	BONIFICACIÓN NA TAXA POR CONSUMO DE AUGA PARA AS FAMILIAS NUMEROSAS	URE17101C1
2184/2023	13/11/23	Denegación reducción de factura por consumo excesivo de auga (volumen desproporcionado por avería) ALM	URE17101FW
2185/2023	13/11/23	Pagamento dos importes da expropiación necesaria para a execución das obras do modificación de travesía na D.P.3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío p.q. 0,000 ao 3,120 (1ª fase. O Bosque) Pago diferencia valoración xurado expropiación finca nº 41	UEH171008Q
2186/2023	13/11/23	Resolución aprobación facturas F/2023/256	UIT17101SA
2187/2023	13/11/23	Resolución aprobación certificación núm. 9 de data 04/10/2023 da obra "Parque infantil na área de lecer da Corveira"	UME17103TK
2188/2023	14/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/94 Reparación Benestar	UIT17101SP
2189/2023	14/11/23	Anulación da liquidación da taxa por distribución de auga por fuga na rede interna de subministro do abonado e aprobación dunha nova CSB	URE17101D5
2190/2023	14/11/23	Anulación da liquidación da taxa por distribución de auga por fuga na rede interna de subministro do abonado e aprobación dunha nova XMVG	URE17101D4

2191/2023	14/11/23	Anulación da liquidación da taxa por distribución de auga por fuga na rede interna de subministro do abonado e aprobación dunha nova DBP	URE17I0131
2192/2023	14/11/23	Anulación da liquidación da taxa por distribución de auga por fuga na rede interna de subministro do abonado e aprobación dunha nova JSI	URE17I01EI
2193/2023	14/11/23	Resolución concesión PEEIS (A.D.J.B.C.)	UBS17I03Y6
2194/2023	14/11/23	Resolución concesión PEEIS (I.K)	UBS17I03YB
2195/2023	14/11/23	Resolución concesión PEEIS (B.A.P.)	UBS17I03Y5
2196/2023	14/11/23	Resolución concesión PEEIS (S.D.N.M)	UBS17I03YA
2197/2023	14/11/23	Resolución autorización pago PEEIS (N.P.P.)	UBS17I03Y8
2198/2023	14/11/23	Resolución concesión PEEIS (A.R.M.)	UBS17I03Y9
2199/2023	14/11/23	Levantamento de reparo, avocación da competencia para a contratación dun profesor especialidade guitarra	UPO17I02H5
2200/2023	14/11/23	Resolución licenza de dominio público local para obra de mantemento na rúa G-A-POL. IND. ALVEDRO	UME17I03TU
2201/2023	14/11/23	Resolución de licenza de dominio público local para obra de mantemento de gas canalizado na rúa PLZ Santa Gema, 4 -Rutis.	UME17I03U2
2202/2023	15/11/23	Cesamento voluntario de P.T.V. (persoal eventual)	UPO17I02HB
2203/2023	15/11/23	Resolución de dominio público local para instalación dunha liña eléctrica subterránea de Baja tensión para vivenda unifamiliar en Rumbo	UME17I03UY
2204/2023	15/11/23	Resolución autorización pago PEEIS (J.B.R)	UBS17I03Z0

2205/2023	15/11/23	Resolución autorización pago PEEIS (M.A.M.M)	UBS17I03Z2
2206/2023	15/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/278 Reparación Benestar	UIT17I01T3
2207/2023	15/11/23	Resolución aceptación desestímulo da solicitude do servizo municipal de axuda a domicilio de M.I.R.B	UBS17I03XT
2208/2023	15/11/23	Resolución concesión servizo municipal de axuda a domicilio a M.R.L	UBS17I03XB
2209/2023	15/11/23	Resolución autorización pago PEEIS (M.S.R.G)	UBS17I03Z5
2210/2023	15/11/23	Decreto Sancións Tráfico (Inicio) Al 99500000030215 (Expedientes 19966/2023 e outros)	USC17I00Y9
2211/2023	16/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/301 SGAE	UIT17I01T2
2212/2023	16/11/23	Resolución concesión PEEIS (E.A.P.O)	UBS17I03YX
2213/2023	16/11/23	Resolución concesión PEEIS (L.M.M.P)	UBS17I03YW
2214/2023	16/11/23	Adjudicación del contrato "Mejoras accesibilidad centro cívico social de Orro, incluída en la estrategia de desarrollo urbano sostenible Culleredovivo, cofinanciado por la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) EDUSI"	UCP17I00ZC
2215/2023	16/11/23	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o luns 20-11-2023	USG17I05SR
2216/2023	16/11/23	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa de Presidencia de data 21/11/2023	USG17I05SS
2217/2023	16/11/23	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Social de data 21/11/2023	USG17I05T4

2218/2023	16/11/23	Resolución alta condutora asalariada licenza de taxi número 23	UME17I03VW
2219/2023	16/11/23	Reoslución alta condutor asalariado licenza de taxi número 1	UME17I03VX
2220/2023	16/11/23	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cohesión Social e Réxime Interior de data 21/11/2023	USG17I05T3
2221/2023	17/11/23	Resolución anulación de liquidación taxa ocupación de terreos uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa por baixa na licenza de ocupación concedida a MAPB e aprobación de nova liquidación	URE17I01FR
2222/2023	17/11/23	R Declaración xubilación JLLP 15 12 2023	UPO17I02I6
2223/2023	17/11/23	Resolución concesión PEEIS (D.C.V.)	UBS17I03YY
2224/2023	17/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/291 Reparación Benestar	UIT17I01T5
2225/2023	17/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/302 Reparación Medio Ambiente	UIT17I01TD
2226/2023	17/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/305 Reparación Dinamización	UIT17I01TE
2227/2023	17/11/23	Solicitud subvención Deputación para financiar gastos de persoal técnico no Servizo Municipal de Deportes 2024	UDP17I0097
2228/2023	17/11/23	Solicitud de subvención á Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do gasto da contratación externa do servizo da oficina de turismo 2024	UFE17I00WI
2229/2023	17/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/308	UIT17I01TI

2230/2023	17/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/309	UIT17I01TK
2231/2023	17/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/310 GEROSALUD	UIT17I01TY
2232/2023	17/11/23	Retencións e ingresos a conta IRPF (mod 111) mes outubro 2023	UIT17I01U0
2233/2023	20/11/23	Concesión a don M.C.C. da licenza que solicitou para unha segregación/parcelación na rúa Cadaval (ref.catastral: 9360131NH4995N0001MX) parroquia de Rutis	UAU17I02BN
2234/2023	20/11/23	Solicitud de acceso da Concelleira do BNG de Culleredo, D ^a Beatriz Pérez Mosquera ó expediente UCP/2023/12 e a factura co número de rexistro F/2023/4373: Concesión	UAL17I00N3
2235/2023	20/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/311 Reparos Xuventude	UIT17I01U3
2236/2023	20/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/307 Reparos Persoal	UIT17I01U4
2237/2023	20/11/23	Resolución concesión renovación provisional tarxeta de estacionamento de A.M.A.D.S	UBS17I0415
2238/2023	20/11/23	Adxudicación da execución da obra Renovación vial VP-124 en Fonte da Balsa	UCP17I0100
2239/2023	20/11/23	Resolución aprobación certificacións nº 1 e nº2 da obra "Mellora da intersección da antiga N-550 coa R/ Alcalde Domingo Sierra (VP-130), coa R/Xafonte (VP-132), coa R/Calzada (VP-129) e coa R/ Vicente Risco (VP-128)"	UME17I03XG
2240/2023	20/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/312 Reparos Policía	UIT17I01UD

2241/2023	20/11/23	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Voceiros o día 22-11-23	USG17I05WO
2242/2023	20/11/23	Resolución aprobación de facturas F/2023/299 Reparación Formación	UIT17I01UF
2243/2023	20/11/23	Resolución autorización de pago PEEIS (M.C.L.V)	UBS17I041Q
2244/2023	20/11/23	Resolución para deixar sen efecto a resolución núm. 2034 do 26.10.2023 (elevando a definitiva a valoración final do proceso selectivo traballadoras/es sociais por programas e nomeamento dunha traballadora social) por falta de fiscalización.	UPO17I02JN
2245/2023	20/11/23	Resolución aceptación do desestamento das solicitudes do servizo municipal de axuda a domicilio de J.B.C e M.R.F.	UBS17I03XZ
2246/2023	21/11/23	Resolución alta condutor asalariado licenza de taxi número 7	UME17I03XQ
2247/2023	21/11/23	Aprobación F/2023/315 liquidación dos servizos atención menores H.I. Emilio Romay (1º semestre 2023)	UIT17I01UL
2248/2023	21/11/23	Baixa por inclusión indebida, acordo Consello de Empadronamento 15/11/2023 S.P,J e cinco máis.	URP17I00LP
2249/2023	21/11/23	Baixa por non confirmación, acordo Consello Empadronamento 15/11/2023 P,E, dez máis.	URP17I00MD
2250/2023	21/11/23	Resolución de licenza de dominio público local para RBTS na rúa Francisco Fernández Riego, 19	UME17I03YI
2251/2023	21/11/23	Delegación da Presidencia da Xunta de Voceiros de data 22/11/2023	USG17I05XI
2252/2023	21/11/23	Resolución levantamento reparo e aprobación certificacións nº1 e nº2 da obra "Renovación dun viario en Castelo (VP-494)"	UME17I03T6

2253/2023	21/11/23	Resolución informe favorable á autorización de substitución de vehículo licenza de taxi número 32	UME17I03YL
2254/2023	21/11/23	Que se autorice, dispoña, reconozca e ordene o pago das facturas do mes de outubro que se relacionan a continuación correspondentes aos bonos de alimentos e bonos de hixiene e bono de lactantes.	UBS17I0427
2255/2023	21/11/23	Resolución lista provisional do proceso selectivo de consolidación e estabilización do emprego temporal 1 praza profesor percusión (I-a)	UPO17I02KU

9.9.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13/11/2023 SOBRE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2023. APROBACIÓN.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia dá conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/11/2023, punto FOD 1 da orde do día, sobre aprobación da oferta de emprego público para o ano 2023 (código de documento UPO17I02G4)

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

10.- ASUNTOS DE URXENCIA

A Presidencia indica que non se presente ningún asunto neste punto da orde do día.

11.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta se algún dos membros do Pleno ten algún rogo ou pregunta que facer:

11.1.- Preguntas presentadas “in voce” pola Sra. Palla Maceiras, voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños:

Pregunta número 1.- relativa a unha petición que fixeron no Concello veciños da Rúa Miguezas, solicitando que se lles remitira un informe en relación cunha reclamación que fixeron á Valedora do Pobo, e queren saber se se remitiu a

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 003G	

documentación solicitada ou en que estado se atopa o expediente correspondente.

Pregunta número 2.- en relación coa Asociación de Veciños de Almeiras di que se reuniu con distintos concelleiros e concelleiras de todos os grupos municipais presentando unha serie de solicitudes exhaustivas e extensas, respondéndolles o Sr. Alcalde que ía valorar cada unha delas para ver se se podían levar a cabo; queren saber o estado desta solicitude e que se lle pode responder aos veciños.

Resposta do Sr. Alcalde: respecto do primeiro punto vai solicitar información ao respecto porque non ten constancia da solicitude da que fala a Sra. Palla Maceiras nin de como está ese trámite; en relación coa solicitude da Asociación de Veciños de Almeiras di que está pendente de darlles unha nova cita para concretar exactamente as súas solicitudes e en que trámite se atopa cada un dos proxectos, engadindo que algunha das obras solicitadas xa se iniciaron e respecto doutros asuntos están pendentes de informes que xa se solicitaron.


11.2.- Rogos presentado “in voce” polo Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez, concelleiro do **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo:**

C.I.F. P-1503100-H

Rogo número 1.- O primeiro rogo é dos veciños de Orro; di que están fartos e que o poden dicir máis alto pero non máis claro xa que, tendo xa poucos problemas pola falta de servizos por parte do Concello, e lembra a deficiente traída de auga, a ausencia de servizo de saneamento para moitos veciños ou mesmo as fochancas nos firmes por falta de mantemento, hai que sumar agora unha obra na estrada que vai dende a Garrocha a Orro que se alonga no tempo con constantes paróns na execución. Di que sobre esta situación a veciñanza en xeral non recibiu notificación algunha e que non se deu ningunha explicación máis aló das vaguedades da prensa, quedando só a sensación de abandono por parte do Concello e da Deputación ao comprobar, día tras día, que unha mellora desta vía de comunicación acaba resultando durante máis de dous anos unha travesía moito máis estreita, incómoda e perigosa. Di que debido ao que vén de expoñer, lle roga ao Sr. Alcalde que, como deputado provincial que é, cargo que exerce con dedicación exclusiva, ao contrario que coma alcalde de Culleredo, exerza a presión necesaria na Deputación para dar fin ao vía crucis que sofren en Orro e que explique ao Pleno cal foi a causa do último parón das obras.

Rogo número 2.- O segundo rogo diríxeo á Sra. Pardo, concelleira de Participación Cidadá e Deportes, rogándolle que rectifique a súa decisión de eliminar a figura do Apalpador das actividades do Concello, engadindo que queren entender que contan e contarán co apoio da concelleira de Cultura, Sra. López Díaz, na defensa da cultura e tradición propias; di que o esforzo que ao longo de todo o país se está a realizar por poñer en valor a cultura propia non merece ese desprezo, máxime cando existe demanda real dentro do asociacionismo do Concello por contar con dito persoeiro; unha asociación solicitou a presenza do devandito personaxe e, a nada que un se informe, dúas máis, como mínimo, estarían encantadas de recibilo en troques da alternativa de fóra; lle di á Sra.

100 de 109

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Pardo Portos que está a tempo de reconducir a situación e de facer as cousas ben para sumarse a concellos que, como Cambre, teñen no Apalpador a súa figura icónica do Nadal.

Resposta do Sr. Alcalde: respecto da primeira pregunta sobre a DP de Orro, vai no modificativo de crédito da Deputación provincial en torno a 230.000 euros para poder continuar con dita obra; por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial e da propia dirección de obra a instancias da empresa detectouse a necesidade de facer ese modificativo de crédito incrementando o crédito para mellorar a obra en todo o seu tramo; dito incremento someterase a aprobación do Pleno da Deputación o 22 de Nadal e, de aprobarse, retomaranse as obras tras as festas navideñas xa sen ningún parón pois as aspiracións económicas da empresa veranse xa colmadas.

Respecto do rogo feito sobre a figura do Apalpador, di que atenderán o seu rogo e estudarán esa idea que lles parece interesante.

O Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez pregunta se habería que licitar de novo a obra de Orro.

Responde o Sr. Alcalde que non é necesario; que vai un modificativo do contrato que cumpre con todo o que marca a Lei de contratos pero hai que levalo ao Pleno.

O Sr. Fernández-Villarrenaga pregunta canto vai tardar.

Responde o Sr. Alcalde e di que o Pleno celebrarase o vindeiro 22 de Nadal.

O Sr. Fernández-Villarrenaga di que o que el pregunta é canto vai tardar a obra en executarse.

Responde o Sr. Alcalde e di que as obras retomaranse despois do Nadal e contan que antes do mes de maio estean rematadas.

O Sr. Fernández-Villarrenaga pregunta que necesidades se detectaron que motivaran parar as obras as últimas veces.

Responde o Sr. Alcalde e di que apareceron zonas con máis pedra da que se contemplaba no proxecto, algunhas discrepancias respecto do saneamento en relación co replaneado das cotas que se fixo, e algunha mellora no firme que se tivo en conta.

Solicita intervir neste punto a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu e, unha vez autorizada a súa intervención, indica que ela falou cos técnicos da Deputación e lle falon do mes de setembro como data de finalización das obras referidas, non no mes de maio como indica o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra e di que todas as obras teñen un prazo de finalización e que el está a falar do compromiso que ten a empresa unha vez

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

inicien a obra, que estima como data de finalización o mes de maio; di que os proxectos, no momento en que se redactan, marcan unha data de finalización da obra en función da súa complexidade, que pode ser de vinte meses, ou seis, oito, dez, etc, e refire que el descoñece o prazo de execución que marca o proxecto pero que a empresa estima que o 8 de xaneiro retomarán as obras e no mes de maio as rematarán.

A continuación o Sr. Fernández-Villarrenaga pregunta pola figura do Apalpador.

O Sr. Alcalde di que se atenderá dito rogo.

O Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez pregunta o motivo de que desaparecera a figura do Apalpador cando desde o 2017 era tradición en varias parroquias.

Responde o Sr. Alcalde que o mirará e lle responderá

11.3.- Rogos feito “in voce” polo Sr. Méndez Mosqueira, concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo:

C.I.F. P-1503100-H

Rogo número 1.- o Sr. Méndez Mosqueira di que o seu primeiro rogo é reiterativo pero que é o deber do BNG que o sexa porque antes se acaloraban tanto o Sr. Alcalde como a voceira do Grupo municipal do Partido Popular lembrando a necesidade de contar con financiamento para facer as obras, algo que eles comparten pois si é certo que fai falta financiamento para atender as obras e as necesidades dos veciños e veciñas e engade que, precisamente tamén por iso, non entenden cal é a razón de non ter presentado aínda o proxecto de orzamento aos grupos da oposición; di que a concelleira de Economía e Facenda ten dito que se ía presentar no mes de novembro, que xa pasou, e máis tarde que para antes de fin de ano, véndose agora que non vén nin ao Pleno nin reciben unha chamada do Sr. Alcalde para falar de dita cuestión, sendo súa a responsabilidade, e lle lembra ao goberno municipal ademais que teñen o deber de dar cumprimento a un acordo plenario para antes de final de ano levar ao Pleno a aprobación inicial un plan estratéxico de subvencións, tal e como marca a Lei de subvencións, á que non están dando cumprimento, polo que solicita que se leve este punto ao pleno ordinario do mes de decembro. Di que o goberno municipal está pendente tamén de presentar a modificación da taxa municipal de dereitos de exame, acordo plenario tamén do que non teñen información ningunha e ao que deben dar cumprimento; di que a interventora, no seu propio informe de control financeiro interno do Concello, lle lembra ao equipo de goberno que teñen que ter un plan de acción que ano tras ano non se inclúe, polo que solicita que no vindeiro orzamento si apareza.

Rogo número 2.- no Pleno que se está a celebrar están presentes uns veciños da Rúa Miguezas por un tema que xa o BNG comentou na comisión informativa correspondente, preguntándolle ao Sr. concelleiro de Obras se podería ser un problema que dita rúa non figurase no inventario municipal de camiños e vías públicas e se a contradición existente entre o catastro e o inventario municipal non

102 de 109

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

suporía un problema para levar a cabo as accións que o goberno municipal ten prometido aos veciños desa rúa; roga que o goberno municipal lle indique aos veciños que se atopan no Salón se é certo e se realmente non existiría ningún problema o feito de que dita rúa non figure no inventario municipal de camiños.

Resposta do goberno municipal: non supón problema ningún.

Rogo número 3.- o BNG tivo coñecemento dun incidente bastante grave en relación co estado das beirarrúas na parte do Concello de Culleredo da avenida Miguel González Garcés, xa que unha persoa maior, usuaria do centro de día que se atopa en dita rúa e que anda por ela como única alternativa para ir tomar un café ou acudir ao centro, tivo a mala sorte de caer e apoiar a man nunha baldosa en mal estado e tivo que poñer dezaseis puntos nunha man que abriu debido a esa circunstancia; roga que se revise o estado desa beirarrúa e que se arranxe.

11.4.- Rogo feito “in voce” pola Sra. Pérez Mosquera, concelleira do **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo**: di que vén de escoitar todo o Pleno e quere centrarse nalgunhas cuestións que saíron nel como a necesidade de facer un aparcadoiro integral na Cross mencionada polo Sr. Alcalde; di que “ollo cos aparcadoiros” e comenta que hai un aparcadoiro na Rúa Domingo Sierra, que antes era unha zona verde das poucas que hai no Concello de Culleredo, que agora motiva que os nenos e nenas cando saen do colexio e chove se enchan de lama polas escorras que hai; di que seguindo como obra de Humanización segue sen estar a parte azul para aparcar e roga que se indique como vai finalizar dita obra porque en Culleredo sábese cando empezan as obras, sobre todo cando vai haber eleccións, pero non cando finalizan nin como; roga a mesma dilixencia con estas obras como coas pintadas que, feitas pola noite, xa se limpan na mañá seguinte e prega tamén que non se tomen as súas solicitudes como algo persoal senón como dirixidas á figura do Alcalde porque a última vez que ela fixo un rogo desas características ao día seguinte saíu nunha publicación e non vaia ser que mañá saia nunha pintada.

11.5.- Rogos feito “in voce” polo Sr. Chouciño Garrido, voceiro do **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo**:

Rogo número 1.- nunha comisión informativa solicitaron que se fixeran as dilixencias necesarias para que se cumprira un convenio urbanístico que ten un veciño que con boa vontade cedeu terreo para que se fixera un camiño sen ter que facer determinados trámites administrativos a cambio de que se lle repuxera o muro de peche do lugar que lle correspondía tras o retranqueo; di que o Sr. Alcalde, á pregunta do BNG, respondeu que o convenio estaba caducado e que só lle quedaba a vía xudicial; di que agora se pode ver na prensa que houbo unha sentenza pola que o Concello ten que pagar por non cumprir un convenio urbanístico pola permuta da parcela que ocupa a ampliación feita no seu momento para a sede municipal (máis de 40.000 euros que houbo que pagar porque un veciño si acudiu á vía xudicial); di que obrigar á veciñanza a reclamar os seus dereitos por vía xudicial non é a forma de proceder que se agarda de un goberno municipal máis cando presume de ser de esquerda; di que el mesmo puido ver

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

non ducias senón centos de convenios urbanísticos que están sen executar e que deberían estar publicados no portal de transparencia do Concello porque é unha obriga legal; que puido ver tamén sentenzas nas que se condenaba ao Concello por incumprimento de convenios urbanísticos, sendo o máis grave que el viu a sentenza na que se condenaba ao Concello a pagar máis dun millón de euros por 3.000 m2 de zona verde onde está agora o colexio Ría do Burgo; di que sabe que hai máis persoas solicitando que se cumpran convenios urbanísticos, convenios que o anterior alcalde asinaba alegremente sen pedir informes aos servizos xurídicos de Urbanismo ou económicos, como é preceptivo; di que roga que se responda aos escritos da veciñanza que reclaman o cumprimento deses convenios, como é o caso do veciño de Sésamo que mencionou; roga tamén que se publiquen todos eses convenios no portal de transparencia, como é preceptivo, e roga tamén que, se hai convenios asinados polo alcalde anterior, traizoando aos veciños sabendo que non se podían cumprir, que o digan claramente; di que a publicación de cada convenio debería acompañarse de información a ese respecto, indicando se se declara caducado, se remiten aos veciños á vía xudicial, e se recoñecen que o que asinou o anterior alcalde é incumprible para que todo o mundo o saiba.

C.I.F. P-1503100-H

Rogo número 2.- Sobre a Praza de Galicia di que teñen queixas dos propietarios de garaxes da praza de Galicia indicando que alí chove tanto dentro como fora; roga ao goberno municipal que se reúna cos veciños e lles dean explicacións de como se está a proceder coa obra e como se van resolver as cuestións que lle preocupan porque o que non se pode facer é agardar a que escampe para dicir que xa non se filtra a auga nin se pode repetir a operación de aceptar unha obra mal feita e lembra o que dicía o xuíz na sentenza sobre a obra que se fixo cre que no ano 1999 na praza indicando que “a obra nunca debeu ser recibida polo Concello”, obrigando ao Concello a reformar a praza como cuberta que é do aparcamento.

Rogo número 3.- Teñen preguntado moitas veces polo local de hostalaría no portal número 27 da rúa Anxo Senra na Cross; di que os veciños teñen unha sentenza firme por un preito que iniciaron pola súa conta e gastando cartos do seu peto, unha sentenza firme que o goberno municipal non está a executar; pídlle ao Sr. Alcalde que lle explique a veciñanza por que non executa a sentenza xudicial que condena ao local a retirar a terraza porque quedaron ... (*gravación cortada*) hai que ter en conta que o cumprimento da sentenza tería que ordenalo o mesmo goberno municipal gobernado polo actual alcalde que era o que non estaba facendo cumprir as ordenanzas; dille ao Sr. Alcalde que cumpra coa súa obriga e faga cumprir a sentenza que obriga a ese local a facer o que vén de explicar ou do contrario terán que pensar que non pode facelo por motivos espurios.

Rogo número 4.- O mes pasado o BNG preguntou por que a licitación das obras da Fonte da Balsa non pasaba do estado de avaliación e hoxe teñen que preguntar por que esa rareza de que unha obra non se formalice en canto se adjudica como é o habitual nas obras que se licitan en Culleredo, establecendo neste caso que teñen ata o 14 de decembro para formalizar; di que a pregunta é por que non se empezou a obra e se ten algo que ver con que non vexan na

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

relación de resolucións da Alcaldía nada que indique que os terreos necesarios xa están en posesión do Concello; lembra que o informe da Interventora para o proceso de licitación condicionaba o inicio da obra a acreditar que o goberno municipal xa tiña os terreos necesarios; lembra tamén de parte da veciñanza, que así o solicita, que o Sr. Alcalde díxolles nunha reunión que dimitiría se a obra non estaba feita antes de final de ano e pide que se aclare cando se vai empezar esa obra.

Resposta do Sr. Alcalde: respecto desa obra está asinado o contrato coa empresa adxudicataria, que cre que é Canarga, e o día 29 está previsto o replanteo da mesma e o comezo no mes de xaneiro unha vez pasadas as festas de Nadal; di que a semana que vén, polo convenio da construción, as empresas non traballan.

Rogo número 5.- respecto do último que soubo o BNG en relación co Centro Loxístico de Transportes de Culleredo hai unha resolución que di que se procede a facer unha compensación de débedas, nada menos que de 600.000 euros, do imposto de incremento do valor dos terreos de natureza urbana polo traspaso das parcelas entre entre o promotor, Obralar, e outra compañía; di que o BNG quérése alegrar por iso porque no seu día lle dixeron que iso non se podía e finalmente puidose, supoñendo que tivo moito que ver a presión que sobre este tema leva facendo o BNG desde fai anos, lembrando a existencia de débedas tributarias da empresa promotora do Centro Loxístico de Transportes co Concello de Culleredo; di que hai momentos en que ao BNG se lles tacha de exaxerados e resulta que eles falaban duns 300.000 euros e resultaron ser 600.000; di que iso debiera terse cobrado en metálico pero a empresa entrou en concurso de acredores e o Concello deixou ir o asunto e o resultado foi que entre a compensación e o que había que pagar o Concello perdeu máis dun millón de euros no proceso de liquidación, aínda que falta por valorar a báscula, proceso de valoración que está pendente desde fai dous anos, e pregunta por que é tan complicado facer a valoración da báscula e darlle o finiquito a este tema; di que o Bloque Nacionalista Galego de Culleredo pensa que se debera facer unha comisión para facer un seguimento deste tema pois é un tema moi abundante, con varias sentenzas por distintas causas segundo palabras do goberno municipal, e está pendente a cuestión de que pasa coa toma de posesión dos bens e lembra que o edificio de usos administrativos e o edificio de visitantes e a báscula e o aparcadoiro e as zonas comúns teñen que pasar a patrimonio municipal; di que este é o tema de índole económico con resultado negativo máis gordo en Culleredo polo menos nos últimos oito anos e que membros da Corporación municipal actual que non están ao día deberan coñecer o estado deste asunto polo que solicita a creación da comisión referida; resume as preguntas en que pasa coa toma de posesión e que pasa coa valoración da báscula porque hai bens que están rendendo beneficios a particulares como é o caso do aparcadoiro e, se se mira a imaxe de Google Maps, vese que hai 60 camións e, a 12 euros que é o que parece que se cobra por día, calquera que multiplique pode ver que saen centos de miles de euros anuais que non se están a ingresar nas arcas municipais senón nunha empresa privada.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Resposta do Sr. Alcalde: respecto da báscula responderá noutro momento porque agora non pode concretar o motivo.

Respecto do outro tema, é un tema que de momento está xudicializado e á espera de sentenza porque parece que houbo un recurso pero se o solicita lle darán acceso a todo o expediente; di que de todas formas a situación do CLT é unha situación totalmente allea ao Concello na que Fadesa lle vende a Martinsa e esta dá en quebra e a partir de aí sucedéronse unha serie de despropósitos, coincidindo co Sr. Chouciño Garrido en que non agradables para o Concello.

Solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido e di que este tema necesita unha aclaración porque do que se trataba neste tema era da construción dun Centro Loxístico por medio dunha concesión administrativa que duraba 25 anos polo que a resposta de que foi Fadesa e xa está non é suficiente.

Intervén o Sr. Alcalde e di que el estaba intentando situar o tema e que, respecto deste asunto, hai unha sentenza xudicial e, no momento en que sexa firme, o Concello tomará posesión.

11.6.- Pregunta feita “in voce” polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Núñez Seoane: pregunta cantas autorizacións municipais se tramitaron aos madeireiros no ano 2023.

Resposta do Sr. Alcalde: di que mirará o dato e lle contestará por escrito, engadindo que, de todas formas, os madeireiros fan as súas solicitudes na Xunta de Galicia.

11.7.- Pregunta feita “in voce” pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández González: o pasado 6 de novembro solicitaron por escrito unha reunión co xefe da Policía Local, Sr. Couceiro, non obtendo resposta e a día de hoxe seguen co mesmo problema; di que é a segunda vez que realizan esta petición, a primeira mediante pregunta no Pleno e a segunda por rexistro, e agora o piden por terceira vez, agardando que sexa a última; di que ao mesmo tempo solicita se lle faciliten os cuadrantes da Policía Local que solicitaron tamén por Rexistro o 16 de novembro e o 10 de decembro tamén por Rexistro e pregunta se hai algún problema con eses cuadrantes e se hai algo ilegal que non se poida ver.

Di que quere tamén facer un rogo ao Sr. Alcalde e lle di que non corte os plenos e que non os manipule.

11.8.- Preguntas e rogo feitas “in voce” polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Golpe Faraldo:

Pregunta número 1.- o 18 de marzo de 2021, case cun ano de atraso respecto da data prevista, se inaugura a praza de Vilaboa a pesar de presentar innumerables deficiencias: as canastras, que apenas duraron uns días, non eran as idóneas para un parque desas características e se tiñan que ter colocado canastras antivandálicas, remaches perigosos nos columpios, céspede mal colocado, pontes que non funcionan, pintura de varios xogos infantís que xa se desprendera antes

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

de ser inaugurada a praza; di que no momento en que se lle reprochou este tema a o Sr. Alcalde, este chegou a asegurar en prensa e no pleno municipal que esa obra esa obra estaba á espera dunha segunda man de pintura que se executaría entre maio e xuño dese mesmo ano e prometeu exixir responsabilidades á empresa construtora por todas as deficiencias observadas e dous anos despois vese que todo quedou en nada e non hai nin pintura nin responsabilidades; di que desde a data de inauguración da praza de Vilaboa se detectaron ditas irregularidades e por iso a pregunta do Partido Popular ao goberno municipal e se se exixiron ou se van exixir responsabilidades á empresa construtora polas irregularidades, se algún día se chegará a aplicar a capa de pintura prometida para o mes de maio do 2021, se se volverán a colocar as canastras e se desta vez serán as idóneas para poder desfrutar da pista de baloncesto que se pagaron entre todos, comentando tamén que hai unha numerosa demanda veciñal para a colocación dun baño público polo que solicitan información sobre a posibilidade de poder instalalo.

Pregunta número 2.- na mesma praza de Vilaboa di que é lamentable ver como moitas das instalacións municipais se deterioran paulatinamente pola falta de uso e o abandono ao que quedan sometidas por unha xestión de uso ineficaz, no que tamén se podería incluír o caso do quiosco-bar que está na praza de igrexa de Vilaboa, unha explotación hostaleira que foi abandonada fai anos e da que aínda non se renovou a súa concesión, presentando un estado calamitoso e apuntando a que en breve tomará o mesmo camiño que a cuberta das Brañas; di que lles gustaría saber o por que dese abandono pois podería prestar un valioso servizo aos usuarios da praza e un ben para o municipio.

Pregunta número 3.- repite a pregunta que xa fixo no pleno anterior, pois non recibiu ningún tipo de resposta, referida á obra de Xosé Rey Lago; pregunta que accións se levaron a cabo xa para a posta en valor do artista e a restauración da súa obra que foi acordada no Pleno do mes de setembro.

Rogo: recentemente viron na prensa que os músicos que participaron no festival Burgo-Jazz do ano 2023 continúan á espera do cobro dos seus servizos; di que persoalmente tivo contacto con algúns deles e lle confirman que iso é así a día de hoxe; desde o 30 de xuño, data en que se daba inicio ao dito festival, non se realizou ningún pagamento, case seis meses despois e, segundo contan eles, a contestación que se lles está a dar desde o Concello é que non cren que se lles poida pagar este ano, poñendo como desculpa un cambio na forma de tramitación que soa a escusa do actual repertorio do goberno municipal (que se Patrimonio, que se o coronavirus, que se a choiva, etc); di que lle parece unha barbaridade unha tardanza de seis meses e que un simple cambio administrativo non pode xustificar esa demora, en especial para un colectivo que habitualmente ten que pelexar cunha grande precariedade laboral como son os músicos e os artistas en xeral; di que é unha mágoa que o dito festival, creado fai 22 anos, unha das propostas culturais máis importantes e máis prestixiosas do Concello, vexa prexudicada a súa imaxe por unha xestión política ineficaz polo que, desde o Partido Popular de Culleredo, lle queren solicitar ao goberno municipal que acelere todos os trámites necesarios para axilizar isto de inmediato.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

Resposta do Sr. Alcalde-presidente: no anterior Pleno levouse un expediente de recoñecemento para pagar facturas, entre as cales se atopaban as do Burgo-Jazz do 2023, e o Partido Popular votou en contra. Indica que contestará por escrito ás preguntas formuladas.

O Sr. Golpe Faraldo lle di ao Sr. Alcalde que está a confundir as cousas e que o seu Grupo municipal non votou en contra do referido suplemento senón que votou en contra da opacidade que presentaba, solicitando que se deixara enriba da Mesa para ver e aclarar todos os puntos.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra e lle di ao Sr. Golpe Faraldo que está a falar doutra cousa.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que no suplemento de crédito que se levou ao Pleno non ía ningunha partida especificada nin para o Burgo-Jazz nin para nada.

O Sr. Alcalde aclara que ditas facturas están incluídas na partida de Rede Cultural da Deputación.

C.I.F. P-1503100-H

11.9.- Preguntas feitas “in voce” pola voceira do Grupo municipal do Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu:

Rogo número 1: no mes de xaneiro de 2020 o Sr. Rioboo preparaba o arranxo do viario da subida ao Monte Xalo, encargando un proxecto para a renovación desa estrada que transcorre desde Folgueira ata o Monte Xalo, uns dous quilómetros nos que habería que renovar o pavimento, canalizar as pluviais, limpar as marxes e pintar a calzada coa correspondente sinalización viario, ademais do rebacheo dos puntos con maior deterioro; o inverno pasado, ante as chuvias intensas, xeráronse torrentes de auga que atravesaban a estrada coma un río, arrastrando terra e pedras e deteriorando continuamente o asfalto; despois de numerosas protestas dos veciños rebacheouse o viario pero non serviu de nada pois as riadas de auga levaron todo; por todo o exposto, desde o Partido Popular de Culleredo rogan ao Sr. Alcalde que execute o proxecto pois hai partida presupostaria destinada para iso e dote ao viario da seguridade necesaria para os veciños que viven na zona. Di que tamén a Rúa Vilar, en Sueiro, está pendente dunha actuación e quere lembrar tamén a Rúa Migueles, tal como comentaron os compañeiros de Alternativa e do Bloque.

Rogo número 2: respecto á invitación a actos organizados no termo municipal; di que o artigo 41.1 do ROF establece os regulamentos municipais de protocolo como as ferramentas a seguir na celebración dos actos públicos oficiais nas entidades locais e indica que os membros da Corporación deberán asistir a todos os actos oficiais e que as invitacións a tales actos se cursarán polo alcalde ou alcaldesa da Corporación; di que actualmente ven nas redes sociais do alcalde e

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JJ	USG/2023/212
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3T71 0S1K 6A0U 4D4L 0O3G	

de concelleiros do goberno municipal a asistencia a diferentes actos organizados en Culleredo polo Concello ou patrocinados polo mesmo aos que nin se lles invita, nin se lles comunica, polo que solicita que se desenvolva un protocolo que asegure a comunicación en tempo e forma a todos os concelleiros, como representantes lexítimos, para todos e cada un dos actos que se organicen no Concello de Culleredo.

Resposta do Sr. Alcalde: non hai ningún inconveniente en poder asistir a todos os actos e se o que se desexa é que se faga formalmente se fará sin ningún problema.

Respecto do rogo número 1 da Sra. García Gorostizu di que unha vez estea aprobado, ou non, o punto de incorporación de remanentes para os investimentos se estará en disposición de poder acometer as obras referidas e outras que tamén se indican.

(... grabación cortada)

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e dez minutos (23:10 h.) do día expresado “*ut supra*”, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario municipal, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde, e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.